

Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020

“Son de Galicia, Son Dixital”



Edita:

Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Marzo 2016

Este documento distribúese baixo licenza Creative Commons 3.0 Spain Attribution/No Comercial. Compartir baixo a mesma licenza dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/3.0/deed.gl>

Índice

Presentación	5
Introdución	6
1. Por que un Plan de Inclusión Dixital para Galicia?	9
1.1. <i>As políticas europeas, estatais e galegas.....</i>	10
1.2. <i>Galicia e os obxectivos marcados por Europa.....</i>	14
1.3. <i>Caracterización da sociedade galega.....</i>	16
1.4. <i>Análise DAFO</i>	19
1.5. <i>Marco conceptual estratéxico</i>	20
2. Modelo Estratéxico	21
2.1. <i>Visión estratéxica.....</i>	22
2.2. <i>Obxectivos estratéxicos e eixos de actuación</i>	28
2.3. <i>Accións.....</i>	30
3. Modelo Operativo	42
3.1. <i>Modelo de relación e participación.....</i>	43
3.2. <i>Recursos do Plan</i>	46
3.3. <i>Avaliación, seguimento e mellora continua</i>	47
Anexo. Detalle das accións	49

Índice de Ilustracións

Ilustración 1: Eixos do Plan de Inclusión Dixital.....	6
Ilustración 2: Obxectivos para a cidadanía da Axenda Dixital para Europa	10
Ilustración 3: Desafíos da Axenda Dixital de Galicia 2020	12
Ilustración 4: Resultados da Axenda Dixital de Galicia con repercusión na Cidadanía.....	13
Ilustración 5: Evolución en Galicia dos obxectivos das Axendas Dixitais europea e española.....	15
Ilustración 6: Densidade da Poboación en Galicia no ano 2014.....	16
Ilustración 7: Pirámide poboacional de España vs. Galicia xaneiro 2015.....	17
Ilustración 8: Produto Interior Bruto (PIB) per cápita para o ano 2013.....	18
Ilustración 9: Visión evolutiva dixital de Galicia	23
Ilustración 10: Perspectiva evolutiva da cidadanía no ámbito dixital.....	24
Ilustración 11: Marco conceptual de madurez dixital da cidadanía.....	25
Ilustración 12: Obxectivos do Plan de Inclusión Dixital a súa relación co modelo conceptual de madurez dixital da cidadanía.....	29
Ilustración 13: Cuantificación dos Obxectivos do Plan de Inclusión Dixital	30
Ilustración 14. Accións do Plan de Inclusión Dixital por Eixo de Actuación	31
Ilustración 15. Modelo da cuádrupla hélice no ecosistema dixital de Galicia..	44
Ilustración 16. Evolución do modelo de relación	44
Ilustración 17. Importancia do papel dos axentes do ecosistema dixital de Galicia	45
Ilustración 18: Elementos do modelo de avaliación, seguimento e mellora continua	48

Presentación

As Tecnoloxías da Información e as Comunicacions (TIC) son a columna vertebral da sociedade dixital e un instrumento irrenunciable para o acceso a servizos dixitais, a máis oportunidades laborais, a outra forma de entender as relacións sociais e, en definitiva, a unha nova forma de interactuar co mundo. Garantir o acceso ás TIC e á capacitación dixital para que todo o mundo poida aproveitar o seu potencial é un reto e un obxectivo marcado nas Axendas dixitais española, europea e galega.



En 2010 Galicia comezou a sentar as bases dun acceso universal ás TIC. A extensión de infraestruturas de telecomunicacións foi o primeiro paso e condición *sine qua non* para poder avanzar no resto de obxectivos. Pero esta medida illada non serviría para reducir a fenda dixital. Por iso, en paralelo, púxose en marcha un programa de formación dixital gratuíta para a cidadanía, profesionais, autónomos e micropemes, no que ata hoxe participaron máis de 53.000 persoas e que está presente en todas as comarcas galegas.

Avanzamos, pero debemos seguir traballando para conseguir unha sociedade galega plenamente dixital, cohesionada, sen desigualdades dixitais e con pleno acceso e coñecemento das TIC. Nesta liña, a Axenda Dixital de Galicia 2020, aprobada en 2015, establece o desafío de avanzar "da alfabetización á autonomía dixital" para aproveitar o potencial das TIC e converter a Galicia nun lugar de progreso social e onde as persoas poidan levar unha vida autónoma e participar activamente na sociedade.

Para dar resposta a este desafío, dende o Goberno Galego elaboramos o Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, co dobre obxectivo de conseguir a inclusión e capacitación dixital da cidadanía galega e impulsar a empregabilidade.

O Plan define un modelo global e universal de inclusión dixital, adaptado a un novo escenario marcado pola rapidez dos cambios tecnolóxicos e coa perspectiva de que o coñecemento e aprendizaxe neste ámbito debe ser continuo e permanente no tempo. Por todo iso, as medidas do Plan desenvólvense arredor de tres grandes eixos de actuación: a alfabetización dixital, a capacitación dixital e a innovación social e participativa.

É un Plan inclusivo desde a súa propia concepción, cimentado na cooperación, consenso, implicación e participación dos axentes do ecosistema dixital: os departamentos da propia Administración Autonómica con competencias neste ámbito, as entidades locais, a Federación Galega de Municipios e Provincias, as universidades, os colexios profesionais, as entidades do terceiro sector, o sector empresarial e as organizacións da sociedade civil. Todos achegaron a súa visión a esta iniciativa e o seu papel será determinante na execución do Plan, permitindo ofrecer á cidadanía un servizo global, universal e accesible, xuntando esforzos e maximizando os resultados das accións.

Sumamos recursos, sumamos ideas, sumamos iniciativas para multiplicar o alcance do Plan e que ninguén quede excluído dun mundo cada vez máis dixital.

"O verdadeiro progreso é o que pon a tecnoloxía ao alcance de todos". Henry Ford.

Mar Pereira Álvarez
Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia

Introdución

O Plan de Inclusión Dixital presentado neste documento constitúe a aposta do Goberno Galego para a consecución dunha **sociedade plenamente dixital en Galicia**. Para a obtención deste obxectivo, o Plan defínese cun horizonte temporal a 2020.

Son moitos os logros alcanzados nos últimos anos no desenvolvemento da sociedade dixital, pero é importante que continúe o impulso para acadar maiores cotas de acceso e maior desenvolvemento no seu uso conseguindo unha sociedade cohesionada, sen desigualdades dixitais, con acceso e coñecemento dixital, e logrando tamén, a aliñación cos obxectivos europeos, que traballan para a consecución dunha sociedade con capacidade para aproveitar todo o potencial das TIC.

Promover un marco de acción, materializado neste Plan e nas accións que del se desprenden, que dea continuidade ao camiño xa iniciado a través das accións do Goberno Galego nos últimos anos, e que xere un decidido impulso para situar á cidadanía galega na primeira liña na adopción da sociedade dixital



Ilustración 1: Eixos do Plan de Inclusión Dixital

O acceso á información e ao coñecemento a través das TIC é hoxe un elemento fundamental tanto para o desenvolvemento persoal como para o da

propia sociedade, xa que quedarse ao marxe do avance tecnolóxico converteuse **nunha forma máis de exclusión social á que é preciso facer fronte**.

Asistimos nos últimos anos a unha evolución nas necesidades de capacitación tecnolóxica, unida á aparición de novos usos e servizos relacionados coas TIC. Da época na que os usuarios esperaban conseguir unha iniciación no manexo do ordenador e navegar por Internet, pasamos a usuarios que xa demandan coñecementos de máis nivel: redes sociais, Internet no móbil, comercio electrónico, trámites por Internet, teleformación, participación pública cidadá, realidade aumentada, etc.

O **Plan concíbese como unha iniciativa para toda a cidadanía galega**, xerando as bases e condicións para que calquera persoa poida beneficiarse das súas

Un Plan que... “vertebra e cohesiona socialmente Galicia”, “fomenta a empregabilidade”, “promociona o envellecemento activo”, “aumenta a calidade de vida da cidadanía”, “proporciona coñecementos e competencias dixitais”, “xera oportunidades de emprendemento e emprego local”, “impulsa espazos de innovación social dixital para resolver retos sociais”...

accións, permitindo a súa evolución e avance na explotación das TIC, independentemente do nivel dixital no que se atope.

Esta iniciativa ten coma **misión** conseguir que todas as persoas teñan, por igual, a oportunidade de acceder, coñecer e utilizar Internet e as tecnoloxías, co fin de paliar a fenda dixital e social existente e fomentar a sociedade dixital. E **marca a visión** de que todos os galegos e galegas empreguen as TIC como medio para a innovación social dixital e o empoderamento cidadá.

A nivel operativo, o Plan estrutúrase en tres grandes eixos estratéxicos, que darán continuidade ao impulso da sociedade dixital, á vez que preparan a Galicia para os novos desafíos que xa son unha realidade no mundo dixital:

- Un primeiro eixo, coa **redución da fenda dixital e a creación de hábitos de uso das TIC** entre a cidadanía como principais obxectivos.
- O **incremento dos coñecementos dixitais**, co fin de promover un uso máis avanzado das TIC, como segundo eixo.
- Finalmente, máis alá dos desafíos que se abordarán nos dous eixos anteriormente descritos, o terceiro traballará activamente na **preparación**

de Galicia para os novos usos e aplicacións dixitais, fomentando o uso das TIC como unha forma innovadora de resolución dos desafíos sociais.

O Plan nótrese da “**intelixencia colectiva dixital**”, facendo partícipes na definición do mesmo a todo o ecosistema que traballa no desenvolvemento da sociedade dixital: a Xunta de Galicia, coa involucración dos departamentos que teñen relación co ámbito da inclusión dixital, as Administracións Locais e a Federación Galega de Municipios e Provincias, FEGAMP, (polo seu papel como dinamizador das entidades locais e axente clave na execución do Convenio¹ de Colaboración para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no ámbito da Administración Local), as universidades, os colexios profesionais, as entidades do terceiro sector, o sector empresarial e as organizacións da sociedade civil.


A concepción deste Plan imprégñase dunha filosofía reflexiva e colaboradora, a través da participación dos axentes do ecosistema dixital

A implicación e participación destes axentes non só foi crucial na definición do Plan, senón que tamén o será na súa execución.

O Plan, detallado nas seguintes páxinas, preséntase estruturado en tres bloques e un anexo:

- **Contextualización** nas políticas e iniciativas europeas, estatais e autonómicas no ámbito da sociedade dixital, complementado cunha breve caracterización da cidadanía galega.
- **Modelo estratéxico** (visión, obxectivos, eixos de actuación e accións previstas).
- **Modelo operativo** (modelo de relación e participación, recursos do Plan e avaliación, seguimento e mellora continua).
- No anexo ofrécese unha descrición das **accións previstas**.

¹ "Convenio de colaboración entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no ámbito da Administración Local" asinado o 15 de xaneiro de 2014.



1. Por que un Plan de Inclusión Dixital para Galicia?

1.1. As políticas europeas, estatais e galegas

A definición deste Plan está fortemente aliñada coas políticas que, dende Europa e España, impactan de forma directa sobre a estratexia galega de inclusión dixital e de promoción da sociedade dixital na cidadanía.

A Unión Europea

A Comisión Europea deseñou a **Estratexia “Europa 2020”**, orientada a impulsar un crecemento intelixente, sustentable e integrador, baseado na innovación e na economía do coñecemento, para xerar altos niveis de emprego, produtividade e cohesión social.

Esta estratexia contempla o desenvolvemento de políticas en sete eixos, denominados *iniciativas emblemáticas*, cinco das cales impactan no ámbito dixital:

- A **“Axenda Dixital para Europa”** ten coma obxectivo impulsar o crecemento económico europeo e axudar á cidadanía e ás empresas para aproveitar todo o potencial económico e social que teñen as tecnoloxías da información e as comunicacións. A axenda está estruturada ao redor de sete ámbitos, catro dos cales inciden directamente no emprego das TIC por parte da cidadanía (“confianza e seguridade”, “acceso a Internet rápido e ultrarrápido”, “mellora da alfabetización dixital”, “habilidades e inclusión e beneficios das TIC para a sociedade”).

En concreto, un dos seus alicerces básicos de actuación é a integración plena de todos os europeos na sociedade dixital a través da alfabetización e inclusión dixitais, definindo unha serie de obxectivos:

	OBXECTIVO (2015)
Poboación que nunca usou Internet	15%
Poboación que usa habitualmente Internet	75%
Poboación entre os grupos desfavorecidos que usa habitualmente Internet	60%
Poboación que efectúa compras on-line	50%
Poboación que utiliza a administración electrónica	50%

Ilustración 2: Obxectivos para a cidadanía da Axenda Dixital para Europa

- As iniciativas “**Axenda de Novas cualificacións e Empregos**” e “**Xuventude en movemento**”, establecen como prioridade a promoción dos coñecementos e competencias² TIC no núcleo das políticas de aprendizaxe permanente³ e prevén a posta en marcha de mecanismos que faciliten a adquisición e recoñecemento das competencias dixitais.
- Por outra banda, as iniciativas “**Unión pola Innovación**” e “**Plataforma de loita contra a pobreza e a exclusión social**” incentivan aos gobernos para que desenvolvan novos pilotos baseados na innovación social, entendida como un campo que trata de “*atopar novas formas de satisfacer as necesidades sociais que non están adecuadamente cubertas polo mercado ou o sector público... ou de producir os cambios de comportamento necesarios para resolver os grandes retos da sociedade*”.

A Administración Xeral do Estado

A nivel estatal, en 2013 o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas desenvolveron a **Axenda Dixital para España**, como o marco de referencia para a transformación e modernización da economía e da sociedade española mediante un uso eficaz e intensivo das TIC, con accións orientadas a alcanzar os obxectivos establecidos por Europa.

A axenda propón dúas áreas de traballo fundamentais: impulsar a inclusión e a alfabetización dixital e adecuar os sistemas formativos para a capacitación dixital e a formación de novos profesionais. E para acadar unha sociedade dixital avanzada deseñouse o **Plan de Inclusión Dixital e Empregabilidade**, mediante colaboración público-privada e coa participación da sociedade civil.

O obxectivo deste Plan é aumentar a accesibilidade a Internet, avanzar na alfabetización dixital, diminuír a fenda dixital de xénero e mellorar a empregabilidade en España, aumentando a calidade de vida da cidadanía.

Galicia: o novo marco de actuación e os logros das políticas e accións

En Galicia, no marco de **2014.gal Axenda Dixital de Galicia** leváronse a cabo importantes actuacións para facilitar o acceso ao emprego das TIC

² Segundo a Comisión Europea a competencia dixital é a habilidade no uso seguro e crítico das TIC para o traballo, o lecer e a comunicación e susténtase nas competencias básicas en materia de TIC: o uso de ordenadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de Internet.

³ A Comisión Europea define a aprendizaxe permanente como toda actividade de aprendizaxe útil, realizada de forma continua, co obxecto de mellorar as cualificacións, os coñecementos e as capacidades.

independentemente do lugar de residencia e desenvolver mecanismos axeitados para que calquera persoa sexa quen de incorporalas á súa vida cotiá.

Con todo, a nova contorna dixital require impulsar un novo modelo de inclusión dixital, que integre as accións para a alfabetización dixital con outras que permitan a calquera persoa, independentemente do nivel dixital no que se atope, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC.

E precisamente por este motivo, e coa visión posta en dar cumprimento ao obxectivo de impulsar un modelo de crecemento vinculado á economía dixital que establece a **Axenda Dixital de Galicia 2020**, en aliñamento co Plan Estratégico de Galicia 2015-2020, antóllase fundamental avanzar no impulso dunha sociedade galega plenamente integrada na sociedade dixital.

É por isto que, o **Plan de Inclusión Dixital 2020** asume o desafío que establece a Axenda Dixital de Galicia 2020 de **avanzar da alfabetización á autonomía dixital** no seu sentido máis amplo, co obxectivo final de garantir que a cidadanía aproveite as vantaxes que ofrecen as TIC.



Ilustración 3: Desafíos da Axenda Dixital de Galicia 2020

Principais resultados das iniciativas da Axenda Dixital de Galicia con repercusión na cidadanía dixital

2014.
gal AXENDA
DIXITAL
DE GALICIA

ADG AXENDA
DIXITAL DE
2020 GALICIA

A **Rede de Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (Rede CeMIT)** realiza actividades de capacitación dixital e dinamización no uso das TIC.

Iniciada en 2011, conta con 98 aulas distribuídas ao longo de 92 concellos nas 53 comarcas de Galicia e 23 entidades que colaboran de forma activa nas actividades.

En 2011, aprobouse o Decreto 218/2011, do 17 de novembro, polo que se regula a certificación galega de competencias dixitais en ofimática.

En 2012 a formación presencial viuse complementada con actividades de formación on-line a través do Espazo Multimedia de Aprendizaxe (en adiante EMA).

CeMIT

**Máis de 53.000
persoas formadas,
máis de 1.100
persoas obtiveron o
Certificado do
CODIX e máis de
186.600 horas de
formación impartida**

VOLDIX VOLUNTARIADO DIXITAL

O **Programa de Voluntariado Dixital (Voldix)**, xorde en 2012, encadrado dentro do Plan Galego de Voluntariado.

A través da colaboración de persoas e organizacións voluntarias realízanse accións para impulsar o uso das TIC, principalmente nos grupos en risco de exclusión dixital.

Este Programa en 2014 foi obxecto dun seminario Peer Review a nivel europeo pola Comisión Europea como exemplo de boa práctica para a inclusión social a través das TIC, pola súa capilaridade na chegada aos grupos en risco de exclusión dixital.

Máis de 18.000 persoas beneficiadas das actividades de voluntariado coa colaboración de 462 persoas voluntarias e 122 entidades

Plan Banda Larga
2010-2013

**Plan de Banda Larga
de Galicia 2020**

O **Plan de Banda Larga de Galicia** naceu en 2010 coa misión de posibilitar o acceso á banda larga a toda a poboación galega.

A finais de 2015, o 98% da poboación de Galicia dispón de cobertura de banda larga a través de redes fixas e sen fíos e o 2% restante a través de satélite

Outros logros do Plan:

- O 100% dos servizos públicos e o 100% dos parques empresariais e polígonos industriais dispoñen de cobertura de banda larga de calidade.
- Máis do 50% da poboación galega ten acceso a redes de nova xeración de ata 200Mbps, convertendo a Galicia nun referente neste ámbito.

En 2015, a Xunta aprobou o Plan de Banda Larga de Galicia 2020 co fin de que a poboación galega teña acceso equitativo a redes ultrarrápidas.

**PROXECTO
ABALAR**

No ámbito educativo, o **Proxecto Abalar** iniciado en 2010, ten como obxectivo transformar e modernizar o ensino galego, a través dun cambio no modelo educativo.

O portal educativo "espazoAbalar" constitúese como punto de encontro da comunidade educativa e espazo para compartir contidos educativos, xunto co desenvolvemento de abalarMóbil, que permite achegar á educación dos fillos dende o móbil.

531 centros e preto de 2.300 aulas con equipamento, máis de 52.000 alumnos beneficiados, e 84.400 horas de formación e concienciación a profesores, alumnos e pais e nais

Plan de Modernización da Administración Pública

Iniciado en 2010, persegue unha dobre mellora: na xestión e os procesos internos da Administración e na prestación de servizos á cidadanía.

Adicionalmente, están a desenvolverse iniciativas no terreo da interoperabilidade, que farán posible aos cidadáns evitar a presentación de documentación que xa obre en poder da Administración. Outro elemento contemplado é a colaboración coa Administración Local para a implantación da administración electrónica.

Máis de un millón de persoas interactuaron coas Administracións Públicas a través de Internet en 2014, situando a Galicia como a primeira comunidade do Estado

En 2015, a Xunta aprobou o Plan de Administración e Goberno Dixitais 2020 con fin de camiñar cara unha administración que fai uso das TIC para achegar maior valor á sociedade cunha mellor prestación de servizos.

e – Sanidade

Os principais logros neste ámbito son os seguintes:

- Case a totalidade dos centros de saúde poden facer uso das solucións de telemedicina.
- 100% da implantación da e-receita.
- A totalidade da cidadanía beneficiase da Historia Clínica Electrónica.
- No 2015, máis de 1,5 millóns de cidadán solicitaron a cita previa do médico a través de Internet.
- Impulso do Fogar Dixital Asistencial cunha dotación de 3,5 millóns de euros.
- Novos servizos sanitarios á cidadanía como o portal 061 ou a web 2.0 estilo de vida saudable Xente con Vida.

Galicia foi elixida a nivel europeo como rexión de referencia no ámbito do envellecemento activo e saudable

Ilustración 4: Resultados da Axenda Dixital de Galicia con repercusión na Cidadanía

Con todo, o Plan de Inclusión Dixital 2020 enmárcase no eixe 4 “Sociedade dixital, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu entorno” do Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, en concreto na prioridade de actuación 4.1 “Consolidar o modelo de crecemento vinculado á economía dixital. Apoio á industria cultural e de medios como unha fonte de riqueza e impulso ao desenvolvemento da sociedade da información”, e no obxectivo estratéxico 4.1.04 “Mellorar o uso e a calidade das TIC e o acceso as mesmas”.

As actividades de capacitación dixital da cidadanía a realizar no marco do Plan de Inclusión Dixital contribuirán directamente á utilización de Internet por parte das persoas e empresas, e teñen por tanto, un efecto directo no incremento dos dous indicadores de resultado definidos no Plan Estratéxico de Galicia:

- IR 4.1.04.a Persoas que interactuaron coa Administración por Internet para obter información.
- IR 4.1.04.b Empresas que presentan impresos á Administración de forma electrónica.

1.2. Galicia e os obxectivos marcados por Europa

As políticas emprendidas polo Goberno Galego en materia de sociedade dixital xeraron excelentes resultados nos últimos anos, traducíndose en importantes avances no nivel de penetración das TIC na cidadanía.

Co fin de continuar traballando no aliñamento coas políticas estatais e europeas, é fundamental realizar un balance de Galicia respecto ao cumprimento dos obxectivos establecidos nas Axendas Dixitais estatal e europea. **Para iso, é necesario ter en conta que nestas políticas determínanse obxectivos medios para todo o territorio e que Galicia, polas súas características específicas e peculiaridades, terá que establecer uns obxectivos realistas en base ás dificultades especiais do seu territorio.**

A seguinte figura ilustra os indicadores recollidos nas Axendas Dixitais estatal e europea, mostrando a evolución destes obxectivos de Galicia nos últimos anos.




Ilustración 5: Evolución en Galicia dos obxectivos das Axendas Dixitais europea e española.
(Fonte: elaboración propia a partir do Eurostat, Instituto Nacional de Estadística -INE-, Instituto Galego de Estatística -IGE- e Observatorio da sociedade dixital e a Modernización de Galicia -OSIMGA-)

Os catro indicadores amosan unha tendencia positiva moi similar no período 2010-2015, que van desde a diminución de 17 puntos porcentuais (p.p) no caso das persoas que nunca usaron Internet, seguido do incremento de 13 p.p. no caso do uso da administración electrónica. Finalmente, os indicadores con maior incremento obtido no período foi o da poboación que usa habitualmente Internet e poboación que realiza compras por Internet cun crecemento ambos de 19 p.p.

A pesar deste avance, aínda queda camiño por percorrer para cumprir os obxectivos establecidos por Europa e España. Esta distancia é moi importante no indicador da poboación que realiza compras por Internet, pero é especialmente significativa no caso dos dous indicadores que traballan na denominada *redución da fenda dixital*: poboación que nunca utilizou Internet e poboación que habitualmente usa Internet. En ambos indicadores é necesario realizar un forte impulso das políticas no ámbito dixital que permitan mellorar estes valores,

polo que serán elementos que requirirán de atención especial dentro das accións a emprender no marco deste Plan.

No caso do indicador do uso da administración electrónica, Galicia atópase moi preto de cumprir o obxectivo marcado por Europa e España e no ano 2014 logrou situarse como a primeira Comunidade Autónoma en España no uso da administración electrónica⁴.

1.3. Caracterización da sociedade galega

Galicia é unha Comunidade Autónoma que conta cunha serie de particularidades que deben terse en conta para a axeitada formulación das políticas tanto no ámbito da inclusión e alfabetización dixital, así como no fomento da sociedade dixital na cidadanía.

Galicia caracterízase por unha **poboación moi dispersa nas zonas rurais**: o 51% dos núcleos de poboación de España sitúanse en Galicia e **máis do 90% destes núcleos teñen menos de 100 habitantes sumando tan só o 21% do total da poboación galega**. Esta dispersión rural vese acentuada pola tendencia de despoboamento nestas zonas. Ademais existe unha importante concentración da poboación no eixo atlántico e máis da metade da cidadanía galega residen no 6% dos concellos.

Galicia conta con máis de 30.000 núcleos de poboación, tantos como no resto do Estado




Ilustración 6: Densidade da Poboación en Galicia no ano 2014
(Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística -IGE)

⁴ Fonte INE 2014, ranking elaborado en base á poboación que empregou Internet nos últimos 12 meses.

Envellecemento progresivo da poboación e descenso da natalidade

A distribución por idade da poboación, en termos comparativos con España, amosa un **desequilibrio na estrutura poboacional**, desprazada en Galicia cara a segmentos de idades máis altas, especialmente a partir do segmento dos 55 anos.

Ademais, un total de 823.293 persoas son **maiores de 60 anos representando un 30,13% da poboación galega**, a nivel estatal, a porcentaxe representativa desta franxa de idade é de tan só o 23,76%. Por último, cabe destacar que a tendencia de envellecemento da poboación galega fronte á española durante a última década foi crecente.




Ilustración 7: Pirámide poboacional de España vs. Galicia xaneiro 2015
(Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística -IGE-)

Importantes diferenzas no desenvolvemento económico de Galicia entre os ámbitos rurais e urbanos

O Produto Interior Bruto per cápita, (indicador do nivel de riqueza nunha rexión ou país), amosa que no histórico de datos, **as provincias atlánticas galegas (A Coruña e Pontevedra) son as que teñen maior riqueza e en consecuencia maior desenvolvemento económico**, en concordancia coa concentración da poboación tal e como se detallou anteriormente.

Pero a información dos últimos anos dispoñibles (2011, 2012 e 2013), a provincia de Pontevedra sufriu una diminución considerable situándoa por debaixo de Ourense e Lugo.




Ilustración 8: Produto Interior Bruto (PIB) per cápita para o ano 2013
(Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Nacional de Estatística -INE-)

En concreto, a provincia con maior PIB per cápita é A Coruña cun valor de 20.628€ e séguelle Lugo con 19.182€, Ourense con 19.016€ e por último Pontevedra 18.655€.

A nivel comparativo con España, o nivel de renda en Galicia sitúase en 19.577 €/ano, por debaixo da media estatal (22.134 €/ano).⁵

⁵ Fonte: Instituto Nacional de Estatística (INE). Ano 2013.

1.4. Análise DAFO

Para concluír este apartado e a modo de resumo, ofrécese unha análise das fortalezas, debilidades, oportunidades e ameazas de Galicia no ámbito dixital.

DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Existencia de máis de 30.000 núcleos de poboación fan que Galicia se caracterice por ter unha gran dispersión e unha orografía que dificulta a capilaridade e chegada ao territorio especialmente nas zonas rurais. ▪ O 30% da poboación galega ten máis de 60 anos e existe unha clara tendencia ao envellecemento o que supón unha necesidade de adecuar as accións a este grupo de persoas. ▪ A concentración no eixo atlántico das entidades e do tecido asociativo que traballan no ámbito dixital, supón que parte do territorio (principalmente rural) queda lonxe do radio de acción destas entidades. ▪ Falta de aliñamento entre os recursos dixitais dispoñibles (aulas de informática, equipamento informático, etc.) e o seu uso por parte dos axentes do ecosistema dixital para maximizar a capacidade dos mesmos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ A velocidade dos cambios tecnolóxicos e das posibilidades de uso das TIC supoñen un risco engadido ás situacións de exclusión socio-dixital se non se actúa firme e decididamente sobre elas. ▪ Galicia atópase en 2015 a 10 puntos porcentuais de distancia co obxectivo da Unión Europea a 2015 respecto das persoas que nunca utilizaron Internet e a 8 puntos en aquelas que a usan habitualmente. ▪ Incremento da cibercriminalidade e escasa confianza na rede e no ecosistema dixital por parte dalgúns grupos de cidadáns, o que pode supoñer un freo na consecución dunha sociedade plenamente dixital que aproveite o potencial das TIC. ▪ A fenda dixital pode provocar a infrautilización dos servizos dixitais da Administración Pública e as empresas, polo que é preciso facer foco na alfabetización dixital.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> ▪ O Plan de Banda Larga 2020 garantirá unha cobertura de cando menos 30Mbps para a totalidade da poboación e impulsará a contratación nos fogares de servizos de máis de 100Mbps. Actualmente, o 98% da poboación galega dispón de cobertura de banda larga a través de redes fixas e sen fíos e o 2% restante a través de satélite. ▪ Adecuada dotación e equipamento das aulas informáticas dos Centros de Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) existentes na Comunidade. ▪ Forte impulso das políticas de voluntariado por parte da Xunta de Galicia, o Programa de Voluntariado Dixital, seleccionado para ser exemplo de boa práctica pola Unión Europea. ▪ Implantación do voluntariado nas universidades, entidades do terceiro sector e sector empresarial. ▪ O sector TIC sitúa a Galicia como a sexta Comunidade Autónoma con maior número de empresas TIC, o que repercute positivamente no desenvolvemento de políticas de inclusión dixital. ▪ Existencia de entidades que realizan actividades relacionadas coa promoción da sociedade dixital. ▪ En 2014, Galicia foi a primeira Comunidade Autónoma en España no uso da administración electrónica. ▪ O impacto na sociedade dixital de iniciativas como Abalar, actúan como catalizador do uso das TIC. ▪ A participación cidadá para resolver retos sociais a través dos pilotos postos en marcha nas aulas CeMIT, fomenta en Galicia a innovación social dixital. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Aposta da Unión Europea pola inclusión, a capacitación dixital e a innovación social, recoñecidas como prioridades e con dotación orzamentaria no período 2014-2020. E establecidas coma liña de traballo nas axendas dixitais europea e española. ▪ Compromiso da Unión Europea no despregamento de banda larga e de redes ultrarrápidas o que garantirá a conectividade da cidadanía para poder explotar o potencial das TIC. ▪ Impulso da colaboración público-privada e da participación de axentes sociais na articulación de políticas públicas na Unión Europea, o que favorecerá a realización de iniciativas conxuntas. ▪ A importancia das TIC como instrumento para a mellora da calidade de vida, así como a demanda de futuros profesionais con coñecementos dixitais en todos os sectores (previsto na axenda dixital europea), supón unha oportunidade para fomentar as habilidades dixitais da cidadanía, segundo a liña do manifesto europeo das competencias dixitais e-skills. ▪ Boa predisposición á colaboración por parte das organizacións que realizan accións de inclusión dixital. ▪ A diversidade de axentes actuando en materia dixital presenta, oportunidades para a universalización das accións, xerando sinerxías, capilaridade e un efecto multiplicador nos resultados. ▪ Aparición continua de sistemas de coñecemento compartido o que impulsa a creación de servizos e contidos dixitais por parte a cidadanía e de profesionais de ámbitos multidisciplinares. ▪ Mellora do desenvolvemento socioeconómico grazas ao papel activo dos "nativos dixitais" os "in-preneedores", etc. ▪ Construción dun ecosistema de innovación social dixital baseado nas TIC que potencia a creatividade da cidadá xerando novas oportunidades para afrontar os retos sociais por medio dunha innovación aberta.

1.5. Marco conceptual estratéxico

Ante o análise exposto nos apartados anteriores, o Goberno Galego considera clave a necesidade definir e poñer en marcha o presente Plan de Inclusión Dixital 2020, que conterà as principais liñas de actuación e obxectivos estratéxicos marcados polas políticas europeas e estatais. En concreto:

O reto da Unión Europea e a Xunta de Galicia para esta década: “desenvolver un sistema de crecemento intelixente, sustentable e influente”

Galicia contará coa posta en marcha da Axenda Dixital 2020 e o Plan de Inclusión Dixital

I. Fomentar a autonomía persoal, o envellecemento activo e a seguridade e confianza na rede mediante o uso das TIC para:

- **Vertebrar e cohesionar socialmente os entornos locais**, e en especial as zonas rurais respecto ás urbanas (economía da igualdade coas TIC).
- Aumentar a **acesibilidade a Internet**, avanzar na alfabetización dixital, **diminuír a fenda dixital de xénero** e **mellorar a empregabilidade**, aumentando a calidade de vida da cidadanía.

II. Promover os coñecementos e competencias dixitais para:

- Fomentar a **empregabilidade dos cidadáns**, grazas ao uso das TIC.
- Promocionar o **aprendizaxe permanente** segundo as políticas da Comisión Europea.

E será preciso poñer en marcha mecanismos que permitan:

- A adquisición e recoñecemento e **acreditación das competencias dixitais**.
- Adecuar os sistemas formativos avanzados para a **capacitación dixital e a formación de novos profesionais TIC**.

III. E tamén **impulsar a promoción da innovación e o emprendemento local, a través da colaboración e participación da cidadanía, innovadores e comunidades**, para:

- **Xerar emprego local e novas oportunidades para emprendedores/as locais**, vencelladas á innovación social dixital, establecendo mecanismos de colaboración físicos e virtuais. Esta nova filosofía de innovación permite que diferentes grupos de persoas participen en procesos de innovación e proporcionen ideas relevantes para facer fronte aos retos sociais e locais, impulsando o talento cidadán.
- Promoción do envellecemento activo local coa figura das **persoas maiores xubiladas no proceso de innovación social dixital**.
- Avanzar cara **espazos de innovación social dixital local**, coma unha potente rede de colaboración cidadá para resolver retos sociais locais que melloren o benestar social.



2. Modelo Estratéxico

2.1. Visión estratéxica

O Plan de Inclusión Dixital de Galicia nace coa vocación de ser o principal instrumento que posibilite camiñar cara a unha sociedade galega plenamente integrada na sociedade dixital.

A cidadanía non só accede a Internet e fai un uso básico desta, senón que está a madurar cara a usos **máis avanzados e estendidos das TIC, que se traducen nun proceso de “socialización” e unha presenza máis participativa, coas redes sociais e plataformas de participación como principal ferramenta.** Nestas novas sociedades dixitais as persoas participan, xerando opinión e coñecemento en rede: o “capital social” é un activo característico destas sociedades.

O Plan traballará na introdución, preparación e integración da cidadanía nestes novos escenarios, fomentando usos máis sofisticados e amplos das TIC, en definitiva, **converter en realidade o novo modelo da sociedade dixital.**

Con todo, non debe perderse de vista o feito de que un 25,4% da poboación galega non accedeu nunca a Internet. Por tanto, ademais do salto cara ao novo escenario que expoñen as TIC, outra das prioridades do Plan será abordar as accións necesarias para reducir esta fenda dixital e conseguir que toda a cidadanía galega adquira as habilidades básicas para o acceso e uso das TIC, reforzando a través delas a súa autonomía, empregabilidade e benestar.

Trátase dun Plan que terá en conta todos os estadios dixitais nos que se atope a cidadanía, co fin de poder acompañala adecuadamente en función das necesidades que demanden en cada un dos casos.

Vivimos tempos exponenciais onde os cambios son constantes e as sociedades avanzan a ritmo vertixinoso cara a novas etapas dixitais, nas que os modelos de relación e interacción están a transformarse, convertendo á persoa no centro dunha sociedade cada vez máis social, conectada, aberta e participativa




Ilustración 9: Visión evolutiva dixital de Galicia

Redefinir o actual modelo de inclusión dixital cara a outro máis ampliado que permita non só a alfabetización dixital, senón tamén evolucionar no nivel de madurez dixital da sociedade

A filosofía subxacente a esta formulación baséase nunha **estratexia de transformación e madurez dixital** para toda a sociedade galega, na que se complementarán as accións de alfabetización dixital (redución da fenda dixital) con outras que permitan a calquera persoa, independente do nivel dixital no que se atope, avanzar, madurar e acceder a maiores niveis de coñecemento e uso das TIC.

O Plan estende as súas accións a toda a cidadanía, aínda que aborda de forma prioritaria aos grupos en situación e risco de exclusión dixital. As persoas maiores, as persoas con discapacidade, as persoas en situación de desemprego, a xuventude, os nenos e nenas en idade escolar e os seus familiares ou as persoas en risco de exclusión social (inmigrantes, poboación xitana, internos de centros penitenciarios, mozos e menores en situación de risco) serán algúns dos grupos beneficiarios das accións do Plan por ser os máis vulnerables á fenda dixital.

Un Plan para toda a sociedade galega, onde a cidadanía é o eixo central

Adicionalmente, porase especial atención, xunto aos grupos mencionados, nas mulleres para lograr reducir a fenda dixital de xénero en todos os estadios de madurez e uso das TIC.

Con iso darase un decidido impulso á sociedade galega, **xerando as bases e as condicións que lle permita cobrar un maior protagonismo, tomar as rendas e o liderado da actividade en rede**. En definitiva, dotar á cidadanía das ferramentas e condicións para poder pasar dunha posición reactiva a unha proactiva, na que a persoa non só é consumidora de información e coñecemento, senón que tamén crea, impulsa e propón. Unha cidadanía integrada nunha auténtica **sociedade dixital**, con elevada capacitación tecnolóxica e altamente competente nas TIC.

O Plan sitúa **á persoa como eixo central**, inspirando, ordenando e xerando as accións ao redor da perspectiva da súa evolución no ámbito dixital, considerando as súas necesidades, capacidades e oportunidades dixitais en todos os ámbitos da súa vida: o persoal, o relacional e o social.



Ilustración 10: Perspectiva evolutiva da cidadanía no ámbito dixital

O Plan e as súas accións artículanse e vertebran ao redor dun marco conceptual de madurez dixital da cidadanía, permitindo unha visión e comprensión estruturada e cohesionada entre ambos.

Un marco conceptual de madurez dixital que define as grandes etapas a través das cales evoluciona unha sociedade en xeral e a cidadanía en particular no ámbito dixital

O marco establece as etapas de evolución dixital das persoas, desde as iniciais, nas que estas comezan a coñecer o potencial das TIC, ata as máis avanzadas nas que son participativas, activas e **onde non só consomen contidos, senón que tamén os xeran.**



Ilustración 11: Marco conceptual de madurez dixital da cidadanía

A madurez dixital require de tempos para a adquisición de coñecemento, adaptación, experimentación e interiorización do potencial das TIC, que poderán variar individualmente. É polo tanto vocación do Plan construír as bases para **xerar un proceso continuo e duradeiro no tempo, que transcenda a propia duración do Plan e que se converta nunha dinámica permanente na sociedade galega.**

A evolución dixital da sociedade galega require da participación activa e involucración continua dos axentes que actúan no ámbito dixital, non só na definición dos desafíos para afrontar no Plan, senón tamén na abordaxe e consecución dos mesmos: en boa parte poderase cumprir este ambicioso obxectivo, grazas á actividade de cada un deles.

O Plan contempla, ademais dos axentes que teñen competencias e/ou traballan por e para a inclusión dixital, o ecosistema dixital estendido, incluíndo a outros con potencial interese para colaborar na consecución dunha Galicia plenamente dixital en 2020.

O aproveitamento e posta en valor das redes e relacións xa existentes permitirá dotar de amplitude á iniciativa, xerando unha visión global e integral dos desafíos para resolver, as necesidades e oportunidades que a sociedade dixital expón en Galicia.

Crearase **un espazo de debate, cooperación e participación** para a implicación e acción das organizacións participantes, coa reflexión como elemento clave, que permita, de forma continua e duradeira, promover un modelo de colaboración e acción conxunto e efectivo entre todos.

A Amtega, como organismo responsable da coordinación, implementación e xestión do Plan, poñerá especial énfase en favorecer e promover un marco relacional e cooperativo entre os axentes do ecosistema dixital, a través da creación de lazos de colaboración estables e duradeiros no tempo.

En Galicia, polas características do territorio, un dos grandes protagonistas é o ámbito local: dun lado, a sociedade galega local polo seu indiscutible liderado, compromiso e accións nas súas comunidades e doutro, as Administracións Locais, especialmente os concellos e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), pola súa función impulsora e de apoio ao territorio, incluíndo o ámbito dixital. Ademais, existen en Galicia multitude de axentes que son absolutamente necesarios e claves na consecución dunha sociedade galega máis dixital.

Adicionalmente, as alianzas, colaboracións e relacións con redes estatais, europeas e internacionais proporcionarán unha visión máis ampla que sen ningunha dúbida enriquecerá as organizacións participantes e ao propio Plan.

**Un Plan inclusivo desde a
súa propia concepción,
cimentado na
cooperación, consenso,
implicación e
participación dos axentes
do ecosistema dixital**

Ademais, é absolutamente imprescindible non perder de vista a perspectiva da persoa, de modo que a posta en valor dos recursos e servizos estea totalmente aliñada coas súas necesidades.

O Plan promove a transición do modelo actual, caracterizado por colaboracións bilaterais a un modelo integrado no que calquera axente público ou privado poderá participar na evolución dixital da cidadanía, en calquera parte do territorio galego e facendo uso dos recursos dispoñibles.

Trátase dunha evolución que busca a **universalización do servizo: un modelo no que as actuacións, recursos e capacidades están a disposición da cidadanía, dunha Galicia que aspira a ser plenamente dixital.**

*Un servizo global,
universal e sustentable
para toda a cidadanía*

Adicionalmente este modelo permitirá a sustentabilidade e eficiencia, ao promover un uso compartido e unha maior explotación e optimización dos recursos existentes.

2.2. Obxectivos estratéxicos e eixos de actuación

O Plan de Inclusión Dixital de Galicia ten como principal obxectivo conseguir unha **sociedade plenamente dixital en 2020**, unha sociedade.....

...**cohesionada**, sen desigualdades dixitais, con pleno acceso e coñecemento das tecnoloxías

...que mellora a súa **calidade de vida** a través das TIC

...**formada** e capacitada no uso das tecnoloxías

...capaz de explotar e **aproveitar** todo o potencial das TIC

.....que **participa**



Para alcanzar estes obxectivos xerais é necesario realizar, agora máis que nunca, un proceso de interiorización, integración e maduración da sociedade nas TIC: **comezar a plantar as sementes que nun futuro próximo darán lugar a unha sociedade galega plenamente dixital, conectada e coas habilidades para explotar todo o potencial que ofrecen Internet e as TIC.**

É vocación do Plan non só traballar na redución da fenda dixital, senón tamén dar os pasos que preparen á sociedade para afrontar os novos desafíos dixitais

Os obxectivos xerais expostos materialízanse en obxectivos máis específicos, a través de tres **grandes eixos de actuación, orientados a cubrir as etapas de madurez dixital** polas que pode pasar a cidadanía, desde os seus primeiros contactos coas TIC ata a súa plena integración nelas. Ao contemplar todas as etapas, cada persoa beneficiarase das accións que corresponden á súa etapa e necesidades concretas.




Ilustración 12: Obxectivos do Plan de Inclusión Dixital a súa relación co modelo conceptual de madurez dixital da cidadanía

A situación de partida na dixitalización da sociedade galega, aínda lonxe de acadar os obxectivos europeos en inclusión dixital, fai necesario traballar intensamente para lograr a redución da fenda dixital e crear un hábito de uso frecuente das TIC na cidadanía (eixo 1, alfabetizar). Con todo, o Plan traballará en paralelo, a través dun proceso integrado, noutros grupos máis avanzados que se atopan preparados para evolucionar a novos estadios de uso e aproveitamento das TIC (eixo 2, capacitar) e en mostrar á cidadanía os usos e

posibilidades máis avanzadas das TIC, a través dos formatos colaborativos e participativos en rede (eixo 3, socializar).

No Plan de Inclusión Dixital fixéronse uns obxectivos específicos, concretados nos indicadores das Axendas Dixitais para Europa e España. Para cada obxectivo (e o seu correspondente indicador), establecéronse os valores actuais e os previstos para 2020 (horizonte para a consecución dunha sociedade plenamente dixital).




Ilustración 13: Cuantificación dos Obxectivos do Plan de Inclusión Dixital
(Fonte Eurostat e Instituto Nacional de Estatística -INE-)

A nivel metodolóxico, cabe destacar que os obxectivos específicos definidos no Plan, son os establecidos nas Axendas Dixitais estatal e europea en relación á integración da cidadanía na sociedade dixital, a través da alfabetización e inclusión dixitais. Estes obxectivos concréntanse na poboación que nunca usou Internet, a que usa habitualmente Internet, a poboación que efectúa compras on-line ou a que usa a administración electrónica.

Á hora de fixar estes obxectivos, foi determinante a situación de partida de Galicia, que actualmente se atopa cunha poboación caracterizada por dispoñer dun grupo de persoas cun nivel de uso moi básico ou nulo, por baixo da media estatal e por outra banda, conta cun grupo da sociedade, onde os niveis de madurez dixital son similares aos da media española.

2.3. Accións

Como xa se apuntou previamente, o Plan articúlase en tres eixos de actuación, orientados a cubrir todas as etapas de madurez dixital polas que pode pasar a cidadanía. En cada un destes eixos articúlense e vertebran as diversas liñas de actuación e accións concretas previstas no marco do Plan de Inclusión Dixital. Adicionalmente, defínese un eixo de carácter transversal, que contempla

accións estruturais necesarias para poder articular o resto de accións.

Plan de Inclusión Dixital 2020

“Conseguir unha sociedade plenamente dixital en 2020”

Obxectivo 1: Reducir a fenda dixital, fomentando o contacto e uso básico das TIC na cidadanía que nunca o fixo

Obxectivo 2: Apoiar a madurez da cidadanía que xa tivo contacto coas TIC, mediante o uso avanzado destas

Obxectivo 3: Promover novas formas de facer, participar e relacionarse por parte da cidadanía, a través das TIC para a resolución de desafíos sociais

Eixo 1. Alfabetización dixital



LIÑA DE ACTUACIÓN 1.
Traballar coas persoas en situación e risco de exclusión dixital para que se inicien no uso das TIC, incrementando a súa frecuencia de uso e o interese en seguir madurando dixitalmente

LIÑA DE ACTUACIÓN 2.
Xerar confianza e seguridade dixital

4 ACCIÓNS

1 ACCIÓN

Eixo 2. Capacitación dixital



LIÑA DE ACTUACIÓN 1.
Impulsar as capacidades e habilidades dixitais da cidadanía e a súa implicación na sociedade dixital

LIÑA DE ACTUACIÓN 2.
Impulsar as capacidades dixitais no ámbito profesional

1 ACCIÓNS

3 ACCIÓNS

Eixo 3. Innovación social dixital e participativa



LIÑA DE ACTUACIÓN 1.
Fomentar as habilidades para a innovación social dixital

LIÑA DE ACTUACIÓN 2.
Desenvolver solucións que dean resposta ás necesidades sociais de Galicia

1 ACCIÓN

3 ACCIÓNS

Eixo transversal. Oito accións de soporte e apoio estrutural

Mapa de activos e recursos

Catálogo de servizos dixitais

Responsabilidade Social Empresarial TIC

Plan de Comunicación

Modelo de relación cos aliados dixitais

Actuacións no ámbito Local

Reforzo do Voluntariado dixital

Rede de referentes dixitais

Ilustración 14. Accións do Plan de Inclusión Dixital por Eixo de Actuación

Nos seguintes apartados detállanse as accións previstas en cada un dos eixos⁶.

⁶ Un maior detalle das mesmas ofrécese no Anexo, onde cada actuación caracterízase a través dunha ficha (coa descrición da actuación, os resultados esperados e os destinatarios).



Eixo 1. Alfabetización Dixital

Os destinatarios deste eixo supoñen na actualidade o 25,4% da poboación galega entre 16 e 74 anos (aproximadamente 516.000 persoas), moitos dos cales viven en contornas rurais e son de idade relativamente avanzada. Igualmente inclúense as persoas con discapacidade, as mulleres, as persoas en situación de desemprego, os nenos e nenas en idade escolar e os seus familiares e as persoas en situación e risco de exclusión social (inmigrantes, poboación xitana, internos de centros penitenciarios, mozos e menores en situación de risco).

O obxectivo deste eixo é salvar a fenda dixital e dotar á cidadanía dos coñecementos dixitais básicos para aprender e abordar con confianza e normalidade o uso das TIC, con especial atención nos grupos máis desfavorecidos

Trátase dun grupo de persoas que **necesitan dunha formación básica** que lles permita comezar a tomar contacto coas TIC e aprender a utilizalas, o que require dun alto grao de dinamización, apoio e acompañamento. Ademais, é unha poboación especialmente sensible, dado que o seu baixo coñecemento supón un alto risco de abandono no uso das TIC.

As persoas maiores⁷ contan cunha forte presenza en Galicia (representa o 30,13% da poboación en 2015), polo que fai necesario que se contemplen accións específicas dirixidas a eles, en concreto estableceranse os obxectivos específicos da promoción do envellecemento activo e a autonomía persoal a través das TIC en colaboración cos departamentos autonómicos con competencias na materia.

Finalmente, outro dos obxectivos que traballará o Plan será a seguridade e confianza na rede, aspecto fundamental á hora de promover un uso das TIC con plena confianza, especialmente entre as persoas que teñen menos coñecemento das TIC.

Un dos maiores retos deste eixo será polo tanto, dirixir as actuacións aos lugares onde se atopan as maiores necesidades de alfabetización. Por este motivo, o terceiro sector e as diversas organizacións colaboradoras serán determinantes á hora de establecer as prioridades de actuación deste eixo.

⁷ A Unión Europea fai referencia ás persoas que roldan ou superan os 60 anos cando se refire ao envellecemento activo.

Tamén será clave e vital o mantemento de espazos públicos destinados a promocionar o acceso da cidadanía ás tecnoloxías da información e a comunicación e así como a disposición de persoas próximas aos cidadáns e que acompañan, orientan, motivan, facilitan e incentivan que as persoas que nunca tiveron contacto coas TIC se inicien no mundo dixital.

O eixo divídese en dúas **grandes liñas de actuación cada unha das cales leva asociadas as súas accións** que teñen a finalidade de dotar á cidadanía dos coñecementos dixitais básicos para aprender e abordar con confianza e normalidade o uso das tecnoloxías e salvar polo tanto a primeira fenda dixital, a do acceso ás TIC:

Obxectivo1: Reducir a fenda dixital, fomentando o contacto e uso básico das TIC na cidadanía que nunca o fixo para a promoción da autonomía persoal e o envellecemento activo a través da tecnoloxía, así como a xeración de confianza e seguridade dixital



Liña de actuación 1. Traballar coas persoas en situación e risco de exclusión dixital para que se inicien no uso das TIC, incrementando a súa frecuencia de uso e o interese en seguir madurando dixitalmente

Acción 1. Reforzar o programa formativo de alfabetización dixital

Reforzar o programa formativo de alfabetización dixital da Rede CeMIT "Faite Dixit@I" adaptándoo ás necesidades específicas do territorio galego, permitindo que á cidadanía dispoña dun marco formativo estruturado con cursos, talleres, charlas, accións de acompañamento e asesoramento, entre outras accións, para inicialos no mundo dixital.

Acción 2. Diseñar iniciativas singulares de sensibilización e alfabetización

Diseñar accións de alfabetización dixital relacionadas coas costumes do territorio e coas necesidades específicas dos grupos en situación e risco de exclusión dixital. Realizaranse talleres, cursos e demostracións interxeneracionais, programas de envellecemento activo e inserción social a través das TIC e iniciativas de xénero.

Acción 3. Difundir os espazos e equipamentos dispoñibles para a alfabetización dixital

Identificar os grupos de poboación sen posibilidades de acceder á tecnoloxía e deseñar e executar campañas de difusión para dar a coñecer os espazos e recursos dispoñibles nos territorios (bibliotecas, centros cívicos, aulas CeMIT, etc.).

Acción 4. Sensibilizar e capacitar no uso de dispositivos móbiles

Realizar accións de sensibilización específicas sobre os beneficios dos dispositivos móbiles (tales como smartphones ou tablets) a través de demostracións prácticas do seu uso e formación específica, coma alternativa ao emprego do ordenador.

Liña de actuación 2. Xerar confianza e seguridade dixital

Acción 1. Fomentar a cultura da seguridade na rede a través de accións de sensibilización e formación

Incrementar a confianza dixital da cidadanía a través de accións de formación e sensibilización sobre os riscos, uso seguro e responsable de Internet e recomendacións de boas prácticas neste ámbito.

Porase especial atención aos grupos de persoas máis vulnerables aos riscos de Internet, como poden ser maiores, menores e familias.

Eixo 2. Capacitación Dixital

A capacitación dixital é un eixo amplo que comprende accións orientadas a que cada persoa atope unha opción de mellora e avance no seu nivel dixital.

Este eixo entronca coas políticas europeas de **aprendizaxe permanente**, entendido este como toda actividade de aprendizaxe útil, realizado de forma continua ao longo da vida, co obxectivo de mellorar as cualificacións, os coñecementos e as capacidades da cidadanía. A aprendizaxe dixital está contemplada dentro destas políticas, constituíndo unha ferramenta que redundará na realización persoal e na integración das persoas tanto no mercado laboral, a través dunha mellora na súa capacidade de empregabilidade, como na sociedade.

O obxectivo deste eixo é conseguir que a cidadanía avance cara a novos estados de madurez dixital que lle permita un uso máis avanzado, unha maior explotación e posta en valor das oportunidades e potencialidades das TIC persoal, profesional e socialmente

Adicionalmente, a Axenda Dixital para Europa prevé que nun futuro próximo, o 90% dos postos de traballo precisarán de habilidades dixitais e haberá unha gran demanda de profesionais cualificados para traballar na economía dixital.

Por este motivo, será especialmente importante, a capacitación sobre as habilidades e capacidades dixitais no ámbito profesional entre a poboación traballadora (principalmente no caso dos autónomos e de traballadores de micropemes) ou en proceso de busca de emprego, así como dar a coñecer as múltiples oportunidades e beneficios que reportan as TIC no traballo diario en na vida cotiá.

O destinatario deste eixo é a cidadanía que xa tivo algún tipo de contacto co mundo dixital: desde os que comezan a ser activos e a atopar unha motivación no uso das tecnoloxías, ata aqueles usuarios avanzados que participan, crean e colaboran en rede.

Neste ámbito de actuación, os principais desafíos establecidos son adquirir habilidades e competencias dixitais tanto na vida cotiá como no marco laboral e impulsar as novas profesións dixitais. A principal ferramenta de abordaxe destes retos serán as **accións formativas**, orientadas a dotar aos beneficiarios do coñecemento e capacitación necesarios para deslizarse pola escala de madurez dixital, así como mellorar o currículo a través da certificación de

competencias dixitais.

Tamén figurarán como elementos clave para a consecución dos obxectivos deste eixo a **dinamización, acompañamento e asesoramento** das novas profesións dixitais co obxectivo de crear conciencia por parte da mocidade, universitarios/as, profesionais TIC e da cidadanía en xeral da necesidade de adquirir novas competencias e habilidades dixitais para facer pleno uso das tecnoloxías na vida cotiá, reforzando, por extensión a inserción social.

O eixo divídese en dúas **liñas de actuación cada unha das cales leva asociadas as súas accións** que teñen a finalidade de fomentar a empregabilidade, dotando á sociedade galega das capacidades para salvar a segunda “fenda dixital”, e das habilidades dixitais, para obter os máximos beneficios do acceso á rede.

Obxectivo2: Apoiar a madurez da cidadanía que xa tivo contacto coas TIC, mediante a dotación de competencias dixitais para a mellora da empregabilidade e da calidade de vida e benestar da cidadanía





Liña de actuación 1. Impulsar as capacidades e habilidades dixitais da cidadanía e a súa implicación na sociedade dixital

Acción 1. Programa formativo para a capacitación dixital

Reforzar o programa formativo de capacitación dixital media e avanzada "Faite Dixit@I", que permitirá aos diferentes axentes participantes adquirir o coñecemento, as habilidades e a confianza para poder explotar todo o potencial que ofrecen as TIC

Para iso, desenvolverase un marco formativo estruturado que englobe cursos, talleres e charlas presenciais, teleformación, e accións de acompañamento para dar asesoramento á cidadanía e aumentar a súa capacidade de aprendizaxe e que permita explotar o potencial que ofrecen as TIC.

Liña de actuación 2. Impulsar as capacidades dixitais no ámbito profesional

Acción 1. Certificación galega de competencias dixitais en ofimática

Continuar traballando en impartir cursos de formación avanzada en ofimática que permitirán adquirir os coñecementos, destrezas e capacidades necesarios para garantir o manexo avanzado de aplicacións informáticas.

E apoiar no proceso da adquisición da certificación en competencias dixitais en ofimática (CODIX) para a mellora do acceso ao mercado laboral da cidadanía a través da organización de diversas convocatorias dos exames oficiais para obter a acreditación do CODIX.

Acción 2. Reforzar as capacidades dixitais profesionais básicas

Desenvolver e implantar accións de sensibilización e formación orientadas a potenciar as capacidades que as tecnoloxías, en especial Internet, ofrecen no ámbito profesional.

Presentaranse temas como a busca de emprego a través de Internet, a xestión do tempo, a organización de tarefas, a procura avanzada de información e coñecemento, e a colaboración e networking a través da rede, entre outros.

Acción 3. Difundir os novos perfís e capacidades profesionais da era dixital para o fomento da empregabilidade

Realizar accións de sensibilización e difusión con exemplos de boas prácticas e a publicación de estudos sobre de novas profesións dixitais, aliñeadas co "Manifesto de competencias dixitais e-Skills for Jobs", para:

- Axudar aos profesionais galegos no paso da "era analóxica" á "era dixital".
- Concienciar á cidadanía e á xuventude das posibilidades que ofrecen as profesións dixitais e da necesidade de adquirir novas competencias e habilidades dixitais.



Eixo 3. Innovación Social Dixital e Participativa

É importante delimitar claramente o concepto de innovación social dixital, xa que é un termo que non dispón dunha única definición. No contexto desta estratexia, adoptáronse algunhas das definicións que achega a Unión Europea:

Este eixo orientase a crear un marco de accións e iniciativas para impulsar a innovación social dixital e participativa en Galicia, a través das TIC

“A Innovación social dixital é un tipo de innovación social e colaborativa na que os innovadores, os usuarios, e comunidades colaboran utilizando as tecnoloxías dixitais para cocrear coñecemento e solucións para unha ampla gama de retos e necesidades sociais e nunha escala que antes das TIC e Internet era inimaxinable”.

Fonte: Dirección Xeral da Comisión Europea para redes de comunicacións, contido e tecnoloxía (DG Conectividade), febreiro de 2015 o estudo “Growing a digital social innovation ecosystem for Europe DSI final report”.

A innovación social dixital e participativa atópase aínda nunha fase incipiente en Galicia, polo que este eixo establecerá un marco de accións que permita **innovar socialmente en Galicia, fomentar a participación cidadá e difundir as posibilidades que ofrece, aspirando a xerar unha masa crítica de iniciativas e colaboradores** que poida dar os seus froitos no medio e longo prazo.

As tecnoloxías dixitais son especialmente adecuadas para axudar á acción cívica grazas á revolución dixital que estamos a vivir, todo isto está xerando un proceso de dixitalización da cidadanía, que fai máis sinxelo o contacto entre os afectados e os interesados, permitindo a participación de todos os involucrados para crear en común coñecementos e/ou solucións a problemas locais.

Neste momento, a **ciudadanía volve a converterse no centro das actuacións** a realizar tendo en conta que os habitantes, dunhas cidades cada vez máis intelixentes, son cidadáns conscientes de que os recursos dispoñibles son un dereito pero tamén levan unha responsabilidade á hora de dispor deles. Ademais, un movemento crecente de **empresarios tecnolóxicos, sociais e innovadores da sociedade civil**, están a desenvolver solucións dixitais inspiradoras nos desafíos sociais.

A innovación social dixital permite, polo tanto, que o **progreso económico vaia acompañado de progreso social** e que a diversidade de colaboradores garanta a implicación da sociedade, co que se logra un traballo continuo na innovación polo desenvolvemento.

Neste eixo, os obxectivos céntranse en acadar a participación da cidadanía a través da rede e en resolver as necesidades sociais por medio de proxectos

colaborativos dixitais. Para iso, unha das claves deste eixo é a **xeración de iniciativas e accións conxuntas cos actores clave** que xa traballan por e para a innovación social en Galicia. Complementariamente, outros dos alicerces deste eixo serán a **formación, capacitación, sensibilización e dinamización**, que permitirán dar a coñecer os potenciais da innovación social dixital na cidadanía.

Finalmente, a creación dunha **rede de mentores** para que actúen como asesores e expertos en diversos eidos dixitais e sociais así como de tractores e guías no proceso de desenvolvemento da innovación social dixital en Galicia, apoiarán o proceso e dotará ás iniciativas dun nexo de unión xerando novos modelos de colaboración e novas relacións sociais.

Neste ecosistema será imprescindible o papel das aulas da Rede CeMIT, coma lugares acolledores e equipados tecnoloxicamente, onde as persoas comparten e xeran respostas conxuntamente. Progresivamente pasarase das aulas 1.0 onde as persoas acoden a alfabetizarse dixitalmente, a aulas 3.0, onde a xente únese física e virtualmente para xerar innovacións sociais dende o ámbito local dando resposta ás necesidades do territorio, e convertendo a Rede en centros de desenvolvemento local e no verdadeiro motor da innovación social dixital.

O eixo divídese en dúas **grandes liñas de actuación cada unha das cales leva asociadas as súas accións**, nas que será clave potenciar a cultura de traballo colaborativo como un dos novos paradigmas, proporcionando métodos para estimular a creatividade e a innovación, así como impulsar a transformación de ideas en proxectos a través das TIC para a mellora profesional da cidadanía, a xeración de oportunidades de emprendemento e a transformación do territorio:

Obxectivo3: Promover novas formas de facer, participar e relacionarse por parte da cidadanía a través das TIC para a resolución de desafíos sociais



Liña de actuación 1. Fomentar as habilidades para a innovación social dixital

Acción 1. Programa de sensibilización, capacitación e divulgación en innovación social dixital e participativa

Dar a coñecer entre a cidadanía, as novas técnicas que permitan á cidadanía participar, involucrarse e aprender novas formas de pensar e “facer” a través do programa formativo “Faite Dixit@!” sobre a innovación social dixital.

Realizaranse cursos, xornadas, talleres e outros formatos colaborativos sobre temáticas como a creatividade e procesos de xeración de ideas, así como a difusión de boas prácticas e casos de éxito de iniciativas de innovación social dixital, concursos, entre outras actuacións.

Liña de actuación 2. Desenvolver solucións que dean resposta ás necesidades sociais de Galicia

Acción 1. Elaborar o mapa de innovación social dixital de Galicia

Realizar un mapa de innovación social dixital que permita visualizar as iniciativas de innovación social baseadas nas TIC que promoven a resolución de retos sociais en Galicia, así coma o ecosistema de axentes, empresas, emprendedores e a cidadanía en xeral implicadas en iniciativas e/ou proxectos de innovación social dixital en Galicia.

O mapa difundirase co fin de tomar as actuacións coma punto de partida á hora de identificar necesidades noutros territorios e localidades e desenvolver novas solucións innovadoras.

Acción 2. Crear unha Rede Mentores

Crear unha rede de mentores, asesores e expertos, contando con axentes tractores e referentes, que actuarán como guías da cidadanía no proceso da innovación social dixital, dinamizando as súas actividades e ofrecendo apoio e orientación.

Os mentores, formarán parte da rede de aliados sociodixitais do Plan e estarán conformados por persoas activas e comprometidas que transferirán o seu coñecemento dando apoio e acompañamento nos proxectos de innovación social dixital.

Acción 3. Impulsar espazos colaborativos e de participación

Contribuír ao proceso de innovación social dixital co impulso de espazos colaborativos onde a cidadanía poña en común inquietudes, identifique desafíos sociais, e lles dea respostas colectivas a través das TIC.

Entre outros, realizaranse pilotos colaborativos que permitan dar resposta aos desafíos sociais identificados a través da posta en valor das capacidades dos centros da Rede CeMIT, que pasarán de ser aulas 1.0 (centros de alfabetización dixital), a aulas 3.0 (centros de innovación social dixital para o desenvolvemento local). Será fundamental a implicación de referentes e axentes tractores.

Accións dirixidas a dar soporte e apoio estrutural ao Plan en todas as súas accións

Accións preparatorias que teñen como finalidade establecer as bases e as condicións que permitan poder levar a cabo as accións propostas nos tres eixos.

Eixo transversal

Oito accións de soporte e apoio estrutural

Acción 1. Diseñar o mapa de activos e recursos dixitais en Galicia

Diseñar un mapa de e-servizos de inclusión dixital coa recompilación dos recursos e activos dixitais de Galicia que permita dispoñer dunha visión global das capacidades no ámbito dixital e un maior aproveitamento dos medios.

Acción 2. Elaborar o catálogo de servizos dixitais

Crear un kit básico de servizos dixitais, que incluíra programas de formación, formación para formadores e servizos de asesoramento e de soporte para os axentes participantes en Plan e os beneficiarios do mesmo.

Acción 3. Impulsar a Responsabilidade Social Empresarial TIC

Promover e implementar actividades que aumenten e impulsen a Responsabilidade Social Empresarial TIC en Galicia en estreita coordinación da Amtega coa Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Acción 4. Definir e poñer en marcha o Plan de Comunicación

Definir as accións, os formatos e as canles para a difusión do Plan de Inclusión Dixital, atendendo ao público destinatario. Crearase unha web así como unha plataforma colaborativa 3.0 par intercambiar información e ideas.

Acción 5. Articular o modelo de relación cos aliados dixitais

Crear un marco de cooperación flexible e en rede que permita a participación dos axentes do ecosistema dixital no Plan, a través da creación de colaboracións estables e duradeiras. Neste novo modelo, a figura dos aliados dixitais será clave para acadar a universalización das actuacións de inclusión dixital en todo o territorio galego, ademais, facilitarase o procedemento de adhesión a través dunha tramitación electrónica.

Acción 6. Impulsar actuacións no ámbito da Administración Local

Continuar colaborando en actuacións en coordinación coa Administración Local e a Fegamp (actividades formativas, de sensibilización e promoción do Plan) para conseguir a implicación e participación activa dos axentes locais.

Acción 7. Reforzar o voluntariado dixital

Establecer actuacións para reforzar o voluntariado dixital promocionando e difundindo os incentivos e recoñecementos do voluntariado, xestionando a actividade voluntaria e realizando accións de sensibilización.

Acción 8. Crear unha rede de referentes dixitais

Xerar unha rede de referentes de gran relevancia pola súa reputación, a súa experiencia ou polo seu coñecemento no ámbito dixital, para participar no Plan a través de diferentes roles (dinamización, execución de proxectos concretos, etc.).

3. Modelo Operativo

3.1. Modelo de relación e participación

O Goberno Galego, dando continuidade á súa tradicional filosofía participativa e colaborativa na formulación de políticas, plans e accións, xerou un **marco de colaboración cos axentes do ecosistema dixital para a elaboración do Plan de Inclusión Dixital**: diversos organismos e departamentos da Xunta de Galicia, as Entidades Locais, a Federación Galega de Municipios e Provincias, as universidades galegas, os colexios profesionais, as entidades do terceiro sector, o sector empresarial e organizacións da sociedade civil, participaron activamente, ofrecendo a súa visión sobre os desafíos que debe abordar Galicia para converterse nun referente e conseguir unha cidadanía plenamente dixital.

Para garantir o éxito na posta en marcha do Plan será necesaria a colaboración dos diferentes axentes que poden desempeñar un papel clave na consecución dunha cidadanía plenamente dixital, polo que a participación destes non finaliza coa publicación do Plan, senón que será continua ao longo da súa implementación, sendo a acción conxunta de todos eles a que posibilitará un servizo á cidadanía global, universal e accesible.

Coa implicación de todas as entidades relevantes do ecosistema dixital **o Plan prestará un servizo equilibrado, sustentable, integral e integrado**, no que cada axente convértese en actor protagonista e no que de forma colaborativa xéranse sinerxías e un efecto multiplicador nos impactos das accións.


Este modelo de relación inspírase no **modelo da cuádrupla hélice**⁸, onde se conectan, cun obxectivo común, a ciencia, a empresa e a administración, introducindo un cuarto actor, a sociedade galega. Baixo un prisma de colaboración en rede e aberta, proporcionan múltiples e variados activos que sen ningunha dúbida enriquecerán o Plan e as súas accións, a través do seu coñecemento, experiencia, recursos e capacidades.

⁸ O modelo da cuádrupla hélice está baseado no modelo de tripla hélice que é unha descrición do crecemento económico ou doutra índole, que propuxeron os investigadores Etzkowitz e Leydesdorff (1966) como un sistema de tres compoñentes que teñen intercambios dinámicos e vanse desenvolvendo en espiral.



Ilustración 15. Modelo da cuádrupla hélice no ecosistema dixital de Galicia

A Amtega, como axente coordinador e impulsor do Plan traballará en fomentar un modelo de relación e participación con todos e cada un dos axentes que realicen accións dentro do mesmo. En paralelo a este marco de relación Amtega-axente, traballarase activamente en evolucionar a relación bidireccional cara a un **modelo en rede**, no que os axentes conecten entre si e amplíen as posibilidades de cooperación e colaboración.



Modelo de relación bidireccional (Amtega-axentes) Modelo de relación en rede (axentes-axentes)

Ilustración 16. Evolución do modelo de relación

O modelo de relación e participación estará asentado en varias **premisas fundamentais**:

- **Implantación progresiva, a través dun modelo flexible**, que inicialmente será promovido pola Amtega en forma de relacións bidireccionais con cada un dos axentes participantes no Plan, pero camiñando en paralelo cara un modelo integrado, baseado na interrelación de todos eles, en calquera parte do territorio galego e empregando os recursos dispoñibles no Plan.
- **Coparticipación entre todos os axentes** a través do establecemento de grupos e comunidades de traballo e colaboración.
- **Simplicidade** nos instrumentos de coordinación e relación, establecendo convenios ou outros mecanismos que garantan o adecuado funcionamento das relacións, así como a revisión e actualización das áreas de colaboración.
- **Adaptación aos participantes**, a través de diversos niveis de participación en función do grao de compromiso, madurez e capacidade de achega de cada un destes.



Ilustración 17. Importancia do papel dos axentes do ecosistema dixital de Galicia

O Goberno Galego convida a todos os axentes a participar neste novo reto e conseguir camiñar cara aos obxectivos marcados. E para iso, implementárase un novo modelo de relación flexible, sustentado en "**alianzas dixitais**", entre a Xunta de Galicia e os diferentes axentes do ecosistema dixital que permita a

agregación de capacidades, recursos e iniciativas no marco da inclusión dixital, para proporcionar á cidadanía as aptitudes que lles permita facer pleno uso das tecnoloxías para aumentar a súa empregabilidade e favorecer a súa inserción social.

Desta forma, poderá ser un “aliado dixital” calquera entidade ou profesional que teña interese en participar no desenvolvemento da sociedade dixital en Galicia na categoría de “entidade colaboradora”, “mecenas dixital”, “referente dixital”, “mentor dixital” ou “voluntario dixital”.

3.2. Recursos do Plan

O modelo de dotación de recursos do Plan de Inclusión Dixital esta baseado na integración dos esforzos públicos e privados para a dotación de recursos xa sexan físicos, humanos ou financeiros.

Investimento mínimo do Plan

O Plan de Inclusión Dixital de Galicia 2020, trátase dun Plan global no que se integrarán todos os esforzos da Comunidade Autónoma. Conta cun financiamento de **máis de 7 millóns de euros**, de forma que o Plan dispón das reservas orzamentarias necesarias para garantir a correcta execución das accións previstas.

**Máis de 7 millóns de euros
para a execución do Plan
de Inclusión Dixital de
Galicia entre 2016 e 2020**

Alianzas e colaboracións

Co obxectivo de asegurar a **eficiencia e sustentabilidade das accións para lanzar, aproveitar sinerxías e evitar a duplicidade de investimentos e esforzos**, a través do modelo de relación e participación perseguirase o establecemento de alianzas e colaboracións co resto de Administracións Públicas tanto a nivel local, como provincial e estatal.

Á súa vez, para a atracción e uso de recursos que contribúan á consecución dos obxectivos establecidos, a Xunta de Galicia establecerá alianzas e colaborará con outras entidades públicas e privadas que representen intereses profesionais, académicos e/ou sociais.

Co modelo de relación e participación, a Xunta de Galicia establecerá alianzas e colaboracións co resto de Administracións Públicas así como con outras entidades públicas e privadas dotando ao Plan de intelixencia colectiva e recursos

Da mesma forma, e como un dos seus eixos principais, buscará promover a cultura da solidariedade dixital fomentando a responsabilidade da propia sociedade galega a través da dedicación voluntaria de tempos e capacidades, xa sexa a nivel individual ou a través da Responsabilidade Social Empresarial TIC (RSE) por parte do sector privado e outras entidades e organizacións.

3.3. Avaliación, seguimento e mellora continua

O modelo de avaliación, seguimento e mellora continua previsto no marco do Plan de Inclusión Dixital inspírase e articúlase a partir da filosofía participativa e colaborativa do propio Plan, contando coa implicación dos axentes do ecosistema dixital.

Doutra banda, a rapidez nos cambios tecnolóxicos fai que sexa necesaria unha avaliación continua e permanente, de forma que as accións poidan adaptarse ás novas tendencias e novidades, conseguindo unha aliñación co obxectivo primordial do Plan: conseguir unha cidadanía plenamente dixital en 2020.

A Amtega, como axente coordinador e impulsor do Plan, liderará o proceso de avaliación, coa estreita colaboración e participación dos diversos axentes e a atención constante aos cambios no escenario tecnolóxico, garantindo con iso un adecuado seguimento da implantación e tamén na detección dos elementos que poden ser susceptibles de mellora e/ou recondución.

Así, anualmente mediranse os catro indicadores dos obxectivos estratéxicos establecidos no apartado 2.2 do presente Plan "Obxectivos estratéxicos e eixos de actuación", empregando o calendario de publicación das fontes oficiais do

Dous grandes elementos reitores na avaliación, seguimento e mellora continua do Plan de Inclusión Dixital: a coordinación das organizacións participantes e a adaptación continua aos cambios no escenario tecnolóxico

Eurostat, o Instituto Nacional de Estatística (INE), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Observatorio da sociedade dixital e a Modernización de Galicia (OSIMGA), (os datos a ano vencido publícanse aproximadamente durante o primeiro trimestre do ano).

Adicionalmente, o modelo de seguimento a implementar establecerá a avaliación de tres elementos básicos para poder determinar se o Plan en xeral e as accións en particular están a cumprir os obxectivos previstos:

- Os resultados obtidos nas accións emprendidas.
- O nivel de actividade do Plan (xestión).
- A calidade na execución das accións.

A partir da valoración destes elementos poderanse identificar eventuais riscos que comprometan a evolución do Plan, así como as accións que requiran ser revisadas e/ou melloradas para o adecuado cumprimento do Plan e dos seus obxectivos.

Un modelo orientado á mellora continua das accións reflectidas no Plan a través da avaliación da calidade, os resultados e a actividade





Ilustración 18: Elementos do modelo de avaliación, seguimento e mellora continua

Como parte dos mecanismos de seguimento a Amtega realizará unha análise dos indicadores, coa colaboración do Observatorio da sociedade dixital e a Modernización de Galicia (OSIMGA) e decidirá as accións máis adecuadas para garantir o cumprimento dos obxectivos previstos, sempre baixo un clima de consenso e participación.

A colaboración e consulta aos expertos participantes no Plan poderá ser un elemento enriquecedor na proposta de novos enfoques ou reorientacións cando iso sexa necesario.



Anexo.
Detalle das
accións

Eixo 1. Alfabetización Dixital

Liña de Actuación 1. Traballar coas persoas en situación e risco de exclusión dixital para que se inicien no uso das TIC, incrementando a súa frecuencia de uso e o interese en seguir madurando dixitalmente

ACCIÓN 1. Reforzar o programa formativo de alfabetización dixital

Descrición

Reforzar o programa formativo de alfabetización dixital "Faite Dixit@!" para acompañar á cidadanía que non tivo contacto coas TIC, na súa iniciación no mundo dixital adquirindo coñecementos básicos no manexo seguro do ordenador e na navegación por Internet.



O programa estará adaptado ás necesidades do territorio galego e executarase a través dun formato *amigable, próximo e sinxelo*:

Formación e asesoramento TIC á cidadanía



- **Cursos, talleres e charlas** sobre o uso do ordenador e do navegador, procura de información, servizos públicos electrónicos básicos, etc.
- **Accións de acompañamento e asesoramento** á cidadanía sobre os usos máis habituais e cotiáns das TIC e para transmitir a cultura e o espírito dixital.

A Amtega **evolucionará os itinerarios, contidos, procedementos e ferramentas de xestión existentes na Rede CeMIT**. Ademais, o programa poderá ser **enriquecido coas achegas dos participantes e aliados dixitais**.

Resultados esperados

Formar e capacitar en habilidades básicas dixitais.

Destinatarios da acción

Persoas en situación e risco de exclusión dixital.

ACCIÓN 2. Diseñar iniciativas singulares de sensibilización e alfabetización

Descrición

Diseñar **actividades de alfabetización dixital** relacionadas coas **costumes do territorio** e as **necesidades** dos grupos en situación e risco de exclusión dixital, en formatos como **talleres, cursos e demostracións** para lograr atraer, reter e achegar as TIC á cidadanía:

Talleres inter-xeracionais	Envellecemento activo	Inserción social a través das TIC	Iniciativas de xénero
 <p>Establecemento de iniciativas nas que participen persoas maiores e novas, en coordinación coa Consellería de Política Social e a Consellería de Cultura, Educación e O.U.</p>	 <p>Posta en marcha de iniciativas para persoas maiores, co obxectivo de promover o envellecemento activo a través das TIC (talleres de memoria, aplicativos para a mobilidade, etc).</p>	 <p>Colaboración coa Consellería de Política Social para a identificación de accións de alfabetización dixital nos programas de inclusión social.</p>	 <p>Impulsar actuacións co obxectivo de incentivar o empoderamento da muller no ámbito persoal e laboral a través das TIC.</p>

En cada iniciativa traballaranse diferentes tecnoloxías ou aplicacións que facilitarán o desenvolvemento de habilidades e favorecerá a integración social e tecnolóxica.

Resultados esperados	Destinatarios da actuación
Reducir a fenda dixital e aumentar o uso das TIC na poboación local.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cidadanía en xeral. ▪ Persoas en situación e risco de exclusión dixital.

ACCIÓN 3. Difundir os espazos e equipamentos dispoñibles para a alfabetización dixital

Descrición

Identificar os grupos de poboación **sen posibilidades de acceder ás TIC** e deseñar e executar **campañas de difusión** para **dar a coñecer os espazos e recursos dixitais dispoñibles nos territorios** (bibliotecas, centros cívicos, aulas CeMIT, etc.).

Esta acción permitirá aumentar o uso regular e habitual das TIC principalmente nos grupos de poboación que non dispoñen de equipamento.

Resultados esperados	Destinatarios da acción
Difundir as capacidades e recursos do Plan de Inclusión Dixital para o uso frecuente das TIC por parte da cidadanía.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cidadanía en xeral.

ACCIÓN 4. Sensibilizar e capacitar no uso de dispositivos móbiles

Descrición

Realizar accións de sensibilización específicas sobre os beneficios dos dispositivos móbiles, tales como smartphones ou tablets, a través de demostracións prácticas do seu uso.

Difundir... as vantaxes e os beneficios no uso de dispositivos móbiles

Mostrar... de forma práctica as vantaxes do uso

Ensinar... o uso a través de cursos específicos

Sensibilizar no uso de dispositivos móbiles



Os dispositivos móbiles son unha **alternativa ao uso do ordenador** que pode favorecer a integración nas TIC dos grupos máis desfavorecidos dixitalmente, polo seu alto uso e maior sinxeleza.

Resultados esperados

Aumentar a cidadanía que accede ás TIC a través de dispositivos móbiles.

Destinatarios da acción

Cidadanía en risco de exclusión dixital.

Liña de Actuación 2. Xerar confianza e seguridade dixital

ACCIÓN 1. Fomentar a cultura da seguridade na rede a través de accións de sensibilización e formación

Descrición

Impulsar medidas que permitan á cidadanía ter unha **experiencia segura e confiable no uso das TIC**, tomando conciencia sobre os riscos que as tecnoloxías e Internet poden presentar. En concreto realizaranse as seguintes accións:



1 Impartir un **plan de formación**, na Rede CeMIT e noutros participantes no Plan de Inclusión Dixital. E sensibilizar en colaboración cos axentes do ecosistema dixital de Galicia realizando **xornadas teóricas e prácticas sobre o uso seguro de Internet** dirixidas aos grupos máis vulnerables.

2 **Difundir as actividades** realizadas nos espazos de comunicación a disposición do Plan, e **distribuír os contidos a todos os axentes** para que poidan reutilizalos (Portal Abertos, espazoAbalar, ...).

Resultados esperados

Aumentar e reforzar a confianza no uso das tecnoloxías por parte da cidadanía.

Destinatarios da acción

- Cidadanía en xeral.
- Grupos vulnerables: menores, familias e persoas maiores.

Eixo 2. Capacitación Dixital

Liña de Actuación 1. Impulsar as capacidades e habilidades dixitais da cidadanía e a súa implicación na sociedade dixital

ACCIÓN 1. Programa formativo para a capacitación dixital

Descrición

Reforzar o programa formativo de capacitación dixital “Faite Dixit@!”, para guiar á cidadanía que xa tivo contacto coas TIC, co fin de que continúe avanzado no nivel de madurez dixital e obteña un nivel medioavanzado e o coñecemento, as habilidades e a confianza para poder explotar todo o potencial que ofrecen as TIC.



En función no nivel de coñecementos de partida ofrecerase unha variedade de itinerarios formativos e realizaranse actividades en distintos formatos:

Programa para a capacitación dixital



- **Cursos, talleres e charlas** sobre, administración electrónica, empregabilidade, redes sociais, seguridade na rede, ocio...
- **Asesoramento** á cidadanía para aumentar a súa capacidade de aprendizaxe.
- **Teleformación**, a través da plataforma de formación on-line da Amtega (EMA), así como o uso de plataformas doutros axentes colaboradores do Plan.

Resultados esperados

Aumentar o nivel de coñecemento da cidadanía, permitiéndolle acceder a novos usos das TIC e fomentando o uso avanzado.

Destinatarios da acción

Cidadanía con coñecementos básicos TIC.

Liña de Actuación 2. Impulsar as capacidades dixitais no ámbito profesional

ACCIÓN 1. Certificación galega de competencias dixitais en ofimática

Descrición

Continuar traballando para facilitar a adquisición de coñecementos, destrezas e capacidades e garantir o manexo avanzado de aplicacións informáticas a través da **certificación galega de competencias dixitais en ofimática (CoDIX)**, coa finalidade de mellorar a competitividade e o acceso ao mercado laboral da cidadanía, por medio de dúas actuacións:



Certificación de competencias dixitais en ofimática

1. Formar

- **Formación presencial** en ofimática na **Rede CeMIT**.
- **Tutorización** a través de **formación on-line** da plataforma da Amtega (EMA).

2. Acreditar

A Certificación acadarase coa superación dun exame nas seguintes modalidades:

- **Convocatorias dos cursos de teleformación con exame presencial.**
- **Convocatorias dos exames libres e presenciais.**

A certificación é expedida pola Amtega, segundo o disposto no Decreto 218/2011, do 17 de novembro, polo que se regula a certificación galega de competencias dixitais en ofimática, e permite demostrar os coñecementos adquiridos e a maior cualificación das persoas certificadas **augmentando a empregabilidade**.

Adicionalmente, a Amtega en colaboración coa Fundación ONCE traballará en **adaptar tanto os contidos formativos coma os exames ás persoas con discapacidade** co fin de integralos en todo este proceso e **favorecer a súa inserción laboral**.

Resultados esperados	Destinatarios da acción
<p>Aumentar o nivel de coñecemento da cidadanía a través da certificación galega de competencias dixitais en ofimática.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Cidadanía con coñecementos básicos TIC. ▪ Persoas en busca de emprego con coñecementos básicos TIC. ▪ Traballadores, especialmente de micropemes.

ACCIÓN 2. Reforzar as capacidades dixitais profesionais básicas

Descrición

Dar a coñecer e **desenvolver as habilidades básicas para aproveitar o potencial da tecnoloxía no ámbito profesional**, por medio de dous grandes grupos de actuacións:

Reforzo das capacidades dixitais profesionais



1 Informar das aplicación e dos potenciais que ofrecen as TIC no ámbito profesional dixital coma por exemplo: *busca de emprego a través de Internet, xestión do tempo, traballo compartido e colaborador, ...*

2 Impartir as accións formativas que permitan o desenvolvemento das habilidades dixitais básicas necesarias para manexarse con soltura no ámbito profesional, contemplando:

- A formación no uso de ferramentas dixitais e a xestión do negocio.
- O desenvolvemento e potenciación da identidade e a marca dixital profesional e as habilidades sociodixitais profesionais e prelaborais .

Esta acción orientarase a toda a poboación activa galega (en situación de emprego ou de busca activa de emprego), e adaptarase, a través do deseño de **itinerarios formativos personalizados ou xornadas impartidas por profesionais con coñecementos e experiencias nestes ámbitos**, aos distintos grupos e ao seu nivel dixital.

Resultados esperados

Dar a coñecer e preparar á poboación activa na adquisición de habilidades dixitais para o seu uso e aplicación a nivel profesional.

Destinatarios da acción

- Persoas en risco de exclusión laboral: parados de longa duración, persoas maiores de 45 anos, xuventude sen cualificación profesional.
- Cidadanía con coñecementos básicos TIC que se atopa traballando ou en proceso de busca de emprego.

ACCIÓN 3. Difundir os novos perfís e capacidades profesionais da era dixital para o fomento da empregabilidade

Descrición

Desenvolver actuacións de **sensibilización e difusión de novas profesións dixitais**, que amosen á cidadanía e á xuventude as posibilidades existentes no ámbito das profesións dixitais e que axuden aos profesionais galegos no paso da “era analóxica” á “era dixital” (como por exemplo o periodismo, arquitectura, docencia, etc.).

Esta acción articularase mediante a realización de diversas actividades:

Difusión dos perfís e capacidades profesionais dixitais

- **Sesións divulgativas** que, con diferentes formatos como poden ser vídeos ou xornadas temáticas, presentarán o potencial e as saídas laborais dos novos perfís profesionais.
- **Exemplos de boas prácticas** de mozos e mozas referentes de Galicia dedicados a estas novas profesións dixitais.
- **Estudos e informes sobre novos perfís e capacidades** profesionais para ampliar a súa difusión e fomentar a empregabilidade no ámbito dixital.

Resultados esperados

Aumentar o nivel de coñecemento da cidadanía sobre os novos perfís e capacidades profesionais.

Destinatarios da acción

- Persoas desempregadas, especialmente aquelas con capacidades dixitais.
- Xuventude.
- Profesionais emigrantes dixitais (os que pasan do eido analóxico ao dixital).
- Profesionais do ámbito TIC.
- Cidadanía en xeral.



Eixo 3. Innovación Social Dixital e Participativa

Liña de Actuación 1. Fomentar as habilidades para a innovación social dixital

ACCIÓN 1. Programa de sensibilización, capacitación e divulgación en innovación social dixital e participativa

Descrición

Reforzar o programa formativo "Faite Dixit@!" sobre a innovación social dixital para difundir e ensinar técnicas que permitan á cidadanía participar, involucrarse e aprender novas formas de pensar e "facer".



En concreto, darase a coñecer a innovación social dixital e participativa, para fomentar a creatividade, a busca de novas formas de relación e participación, e a xeración de ideas innovadoras para a resolución de necesidades sociais a través das TIC. Para isto, empregaranse unha gran variedade de actividades:

Programa de sensibilización para a innovación social e participativa



- **Cursos, talleres e outros formatos colaborativos** sobre temáticas como: creatividade, técnicas de prototipado de ideas, etc.
- **Xornadas de boas prácticas e casos de éxito** de iniciativas de innovación social dixital, co obxectivo de divulgar o concepto da man dos seus protagonistas, amosando experiencias reais.
- **Encontros tecnolóxicos coas Administracións**, para a resolución de retos sociais locais.
- **Concursos** para impulsar novos proxectos de innovación social dixital que atendan a necesidades e retos sociais de Galicia.

Resultados esperados

Destinatarios da acción

Impulsar o coñecemento na cidadanía dos fundamentos da innovación social e participativa.

- Cidadanía.
- Entidades de acción social, ONG's.
- Organizacións e asociacións da sociedade civil.
- Sector empresarial.

Liña de Actuación 2. Desenvolver solucións que dean resposta ás necesidades sociais de Galicia

ACCIÓN 1. Elaborar o mapa de innovación social dixital de Galicia

Descrición

Realizar un mapa de innovación social dixital que permita visualizar as iniciativas de innovación social baseadas nas TIC que promoven a resolución de retos sociais ao longo de todo o territorio galego.

Pasos para a elaboración do mapa de innovación social dixital de Galicia

1

Identificar o ecosistema que constitúen comunidades comprometidas coa mellora de retos sociais a través da tecnoloxía: organizacións, entidades, empresas, axentes locais, movementos asociativos e cidadanía.

2

Construción dun **inventario de iniciativas** de innovación social dixital de Galicia.

3

Difusión do mapa de innovación social dixital para dalo a coñecer a toda a cidadanía.

O mapa será actualizado co fin de avanzar de cara á construción dun ecosistema de innovación social dixital en Galicia, identificando necesidades noutros territorios e localidades e desenvolvendo solucións innovadoras mediante a promoción e a posta en contacto a través da rede, de todos os axentes involucrados.

Resultados esperados

Destinatarios da acción

Coñecer as actuacións de innovación social dixital existentes ao longo de todo o territorio galego

- Cidadanía.
- Entidades de acción social, ONG's.
- Organizacións e asociacións da sociedade civil.
- Sector empresarial.

ACCIÓN 2. Crear unha Rede de Mentores

Descrición

Crear unha rede de mentores, asesores e expertos, contando con persoas tractoras, que actuarán como **guías** da cidadanía no proceso da innovación social dixital, dinamizando as súas actividades e ofrecendo apoio e orientación.

Os mentores, formarán parte da rede de aliados sociodixitais do Plan e estarán conformados por persoas activas e comprometidas, con experiencia profesional e coñecementos dixitais, sociais e/ou en innovación, ou persoas que conseguen que coa súa visión e coñecemento fan que futuros emprendedores teñan máis oportunidades de converter unha idea nun proxecto realizable.

A rede de mentores centrarase en transferir os seus coñecementos a través de:

Rede de Mentores

- **Apoio e acompañamento** (virtual e/ou presencial) a ideas e no desenvolvemento de iniciativas e proxectos de innovación social dixital.
- **Participación nunha comunidade aberta e colaborativa**, que ofrecerá axuda ás persas con ideas creativas e innovadoras coa tecnoloxía...

Resultados esperados

Xeración dunha base de mentores, asesores e expertos que poidan actuar como guías e dinamizadores da cidadanía na innovación social dixital.

Destinatarios da acción

- Cidadanía.
- Entidades de acción social, ONG´s.
- Organizacións e asociacións da sociedade civil.
- Sector empresarial.

ACCIÓN 3. Impulsar espazos colaborativos e de participación

Descrición

Impulsar espazos colaborativos e de participación para contribuír ao proceso de innovación social dixital, onde a cidadanía poderá poñer en común inquietudes, identificar desafíos sociais, e darlles respostas colectivas nas que as TIC serán un factor clave.

Entre outras accións, fomentárase a realización de **pilotos que permitan dar resposta aos desafíos sociais de forma participativa e a través da tecnoloxía**. Para iso, empregárase coma punto de partida a Rede CeMIT, facendo posible o paso das aulas 1.0 “centros de alfabetización dixital” a aulas 3.0 “espazos de innovación social dixital para o desenvolvemento local (económico e social)”, e realizaranse as seguintes actuacións:



Para garantir o éxito dos pilotos, será **clave**:

- **Identificar as necesidades sociais insatisfeitas e/ou emerxentes** en cada territorio (saúde, cultura, educación, agricultura, emprego...).
- **Conseguir a participación e implicación** de referentes e axentes tractores, como os axentes da Rede CeMIT que terán o rol de: *orientar, motivar, facilitar, innovar e establecer redes*.
- Difundir os **espazos de coworking** de Galicia, propiciando a súa unión coas actividades de innovación social dixital do Plan nos seus diferentes formatos ((*IMPACT HUB*’s, *FAB LAB*’s, *MAKER FAIRE*’s, *HACKATON*’s, *LIVING LAB*’s, *HACKERSPACE*’s,...)).

Resultados esperados

Destinatarios da acción

- Identificación e resolución de desafíos e necesidades sociais.
- Impulso da innovación social dixital.


- Cidadanía.
- Entidades de acción social, ONG’s.
- Organizacións e asociacións da sociedade civil.
- Sector empresarial.

ACCIÓN 1. Diseñar o mapa de activos e recursos dixitais en Galicia

Descrición

Elaborar un mapa de e-servizos de inclusión dixital, que dispoña dunha visión global das capacidades dixitais existentes en Galicia, permitindo o acceso aos **recursos e activos dixitais dispoñibles ao longo de todo o territorio**, e un maior aproveitamento dos medios grazas a súa posta en común e á conexión entre axentes.

Inicialmente, o mapa deseñarase cos recursos e activos da Amtega e será enriquecido e complementado cos medios dos axentes participantes no Plan.



Este mapa permitirá a aliñación da oferta de recursos e activos coa demanda de servizos por parte da cidadanía, segundo as necesidades de cada territorio.

Resultados esperados	Destinatarios da acción
Dispoñer dunha visión dos recursos, activos e capacidades para a realización de accións de inclusión dixital.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Axentes que traballan no ámbito dixital. ▪ Cidadanía en xeral.

ACCIÓN 2. Elaborar o catálogo de servizos dixitais

Descrición

Crear un kit básico de servizos dixitais, que incluírá todas as actuacións necesarias para **afrontar os diversos niveis de madurez dixital da cidadanía**, e estarán dirixidos tanto aos axentes participantes no Plan como aos beneficiarios finais do mesmo.



Entre os traballos a realizar están os de establecer as necesidades de desenvolvemento de novos servizos e/ou de mellora/evolución dos existentes.

Resultados esperados

Destinatarios da acción

Dispoñer dun catálogo global e integrado de servizos para dar cobertura ao Plan de Inclusión Dixital.

- A cidadanía destinataria do Plan de Inclusión Dixital.
- Axentes que traballan no ámbito dixital e colaboran no Plan (aliados dixitais).

ACCIÓN 3. Impulsar a Responsabilidade Social Empresarial TIC

Descrición

Promover e implementar actividades que aumenten e impulsen a Responsabilidade Social Empresarial TIC en Galicia en estreita colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Actividades para impulsar a RSE - TIC en Galicia



1. Revisar e ampliar as accións de mecenado e impulso do voluntariado dixital corporativo que a Amtega vén realizando a través do Programa de Voluntariado Dixital (Voldix):

- Elaboración, en coordinación coa Consellería de Economía, Emprego e Industria, de material divulgativo no ámbito da RSE no sector TIC.
- Dinamización de foros RSE TIC.
- Reciclado de equipamento TIC e doazón a entidades de acción social.

2. Fomentar o uso no sector empresarial da metodoloxía Xunta PROL-RSE para implantar a RSE nas empresas.

Resultados esperados

Incrementar o número de empresas que realizan accións de Responsabilidade Social Empresarial no ámbito dixital.

Destinatarios da acción

Sector empresarial.

ACCIÓN 4. Definir e poñer en marcha o Plan de Comunicación

Descrición

Definir as accións, os formatos e as canles para a difusión do Plan de Inclusión Dixital, atendendo ao público destinatario.

O Plan de Comunicación será o **principal instrumento para a difusión e promoción do Plan de Inclusión Dixital**, xerando a visibilidade necesaria para que toda a sociedade poida coñecer os servizos e accións que contempla, ademais de comunicar os logros e resultados.



Para chegar de forma efectiva aos diversos destinatarios, as accións de comunicación relacionadas coa inclusión dixital en Galicia estarán centralizadas nunha **nova Web: "FaiteDixit@I.xunta.gal"**.

Adicionalmente nesta web incluírase unha **plataforma colaborativa online 3.0** onde os aliados dixitais poidan intercambiar ideas, coñecementos e experiencias.

Resultados esperados

Difusión e sensibilización das accións do Plan de Inclusión Dixital.

Destinatarios da acción

- Axentes participantes no Plan.
- Toda a cidadanía.

ACCIÓN 5. Articular o modelo de relación cos aliados dixitais

Descrición

Crear un marco de cooperación flexible e en rede, sustentado en “Alianzas Dixitais” e que permita a participación dos axentes do ecosistema dixital no Plan de Inclusión Dixital.

Facilitaranse os **requirimentos e o procedemento adhesión a través dunha tramitación electrónica para poder ser “aliado dixital”** e participar no desenvolvemento e mellora da inclusión dixital, grazas á agregación de capacidades, recursos e iniciativas.

Tipoloxías de aliados dixitais



- 1. MECENAS DIXITAL.** Empresas ou entidades interesadas en desenvolver accións de inclusión dixital.
- 2. ENTIDADES COLABORADORAS.** Asociacións, organizacións, entidades de acción voluntaria, fundacións, centros tecnolóxicos, Administracións Públicas, universidades, etc.
- 3. REFERENTES DIXITAIS.** Persoas ou entidades que contan cunha reputación e coñecemento no ámbito dixital a nivel local, estatal ou internacional.
- 4. MENTORES DIXITAIS.** Persoas activas e comprometidas con coñecementos para axudar a outros no emprendemento dixital.
- 5. VOLUNTARIADO DIXITAL.** Maiores de 18 anos con coñecementos TIC e ganas de compartir o seu tempo.

É vocación do Plan consolidar relacións estables e duradeiras no tempo e que posteriormente se transforme nun modelo de colaboración en rede, onde os participantes no Plan se relacionen entre si. Neste novo modelo, a **figura dos aliados dixitais será clave** para acadar a universalización das actuacións de inclusión dixital, xerar sinerxías e un efecto multiplicador que permita acadar unha maior chegada ao territorio e, en definitiva, á cidadanía.

Resultados esperados

Implantar un modelo de relación flexible e en rede con cada un dos participantes no Plan.

Destinatarios da acción

Axentes participantes no Plan (Aliados Dixitais), nas súas diversas tipoloxías.

ACCIÓN 6. Impulsar actuacións no ámbito da Administración Local

Descrición

Continuar traballando na elaboración de actuacións en coordinación coa Administración Local, para conseguir a implicación e participación activa dos axentes locais (axentes sociais, empresarias e entidades públicas) grazas ao papel das entidades locais como prescriptores do Plan.

ACTUACIÓNS NO ÁMBITO DA ADMINISTRACIÓN LOCAL



Esta acción desenvolverase no marco do “Convenio de Colaboración para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no ámbito da Administración Local?” co fin de impulsar a cooperación e a colaboración entre a Administración Autónoma e Local. E será clave o papel da Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) como ente dinamizador das Entidades Locais.

A realización de actuacións no eido local permitirán ademais **posicionar á Rede CeMIT como centros de referencia locais en Galicia, na utilización das TIC para acadar a transformación do territorio, co obxectivo de fomentar a empregabilidade da cidadanía.**

Resultados esperados	Destinatarios da actuación
Aumentar o impacto do Plan de Inclusión Dixital a través da participación activa das entidades locais.	<ul style="list-style-type: none"> Entidades locais.

9 “Convenio de colaboración entre Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias para o desenvolvemento do Plan de Inclusión Dixital no ámbito da Administración Tola” asinado o 15 de xaneiro de 2014.


ACCIÓN 7. Reforzar o voluntariado dixital

Descrición

Establecer actuacións que permitan **reforzar a base de persoas voluntarias no ámbito dixital** para a súa participación no Plan de Inclusión Dixital.

O compromiso e solidariedade das persoas voluntarias posibilitará a **ampliación dos servizos do Plan ao longo de todo o territorio galego coa realización de apoios dixitais presenciais ou virtuais** (formacións, demostracións, asesoramentos, etc).

Por este motivo, esta acción encamiñase a impulsar o papel do voluntariado dixital para que axude ao resto da cidadanía no seu achegamento ao mundo dixital.



Para a execución desta acción tomarase como punto de partida o **Programa de voluntariado dixital** da Amtega, xunto ás accións de voluntariado realizadas pola Consellería de Política Social e outros axentes.



Resultados esperados

Destinatarios da acción


Reforzar o número de persoas e organizacións que participan voluntariamente no Plan de Inclusión Dixital.

- Axentes que traballan con voluntariado.
- Persoas que potencialmente poden participar no voluntariado dixital.

ACCIÓN 8. Crear unha rede de referentes dixitais

Descrición

Xerar unha rede de referentes (organizacións e/ou persoas) de gran relevancia pola súa reputación, a súa experiencia ou polo seu coñecemento no ámbito dixital, para participar no Plan a través de diferentes roles:



Especial relevancia terá contar cos referentes locais, cuxo coñecemento permitirá identificar necesidades no territorio e impulsar accións na súa zona de influencia.

Resultados esperados

Enriquecer as accións para implementar no Plan, a través da incorporación da visión experta, experimentada e innovadora dos referentes.

Destinatarios da acción

Entidades ou persoas referentes nos diferentes territorios de Galicia, así como a nivel estatal e internacional.

Licenzas de fotografías e imaxes

- **Portada:** <https://es.fotolia.com/id/63041295> , baixo licenza estándar (Fotolia).
- **Páxina 6- Ilustración 1:** <http://www.fotosimagenes.org/imagenes/canicas-2.jpg> baixo licenza CC BY-NC-ND 3.0 (Fotoimagenes.org).
- **Páxina 17 - Ilustración 7:** http://www.cuartopoder.es/detrasdelsol/files/2014/03/cultura_post.jpg, foto de F.F. baixo licenza CC BY-NC 3.0 (cuartopoder.es).
- **Páxina 18 - Ilustración 8:** "Money from around the world", Images Money, baixo licenza CC BY 2.0 (Flickr).
- **Páxina 24 - Ilustración 10-1:** <http://www.fotosimagenes.org/imagenes/ciudadanos-2.jpg>, baixo licenza CC BY-NC-ND 3.0 (Fotoimagenes.org).
- **Páxina 24 - Ilustración 10-2:** <http://news.youolivebranch.org/wp-content/uploads/2012/06/business-woman.jpg> Foto de Jerry Bunkers, baixo licenza CC BY 2.0 (Flickr).
- **Páxina 43 -Ilustración 10-3:** www.sme-blog.com, foto de "The Small Business Blogue", baixo licenza CC-BY-3.0, (The Small Business Blogue).
- **Páxina 24 -Ilustración 11:** <https://www.flickr.com/photos/hkljgk/3061245993/>, foto de Heather Katsoulls, baixo licenza CC BY-SA 2.0 (Flickr).
- **Páxina 27:** <https://www.flickr.com/photos/110862204@N05/11279526253/>, foto de Mindy Johnson, baixo licenza CC BY-SA 2.0 (Flickr), <https://www.flickr.com/photos/80411002@N05/10238792674/>, foto de Educar per a un somriure etern, baixo licenza CC BY 2.0 (Flickr), <https://www.flickr.com/photos/rh2ox/5894403496/>, foto de r2hox, baixo licenza CC BY-SA 2.0 (Flickr) e <https://www.flickr.com/photos/korapilatzen/5191877497/>, foto de Asier Gallastegi Fullaondo, baixo licenza CC BY 2.0 (Flickr).
- **Páxina 29 -Ilustración 12:** <https://www.flickr.com/photos/manuel-acebedo/7899341320/>, foto de Philippe Rouzet baixo licenza CC BY-NC-ND 2.0 (Flickr).
- **Páxina 33:** "Lapis de cores", <http://www.flickr.com/photos/martius/309703301> foto de Manuel M. Vicente, baixo licenza CC BY 2.0 (Flickr).
- **Páxina 36:** <http://faros.hsjdbcn.org/es/articulo/web-chea-material-apoio-volta-cole>, foto de Hospital Sant Joan de Déu, baixo licenza CC BY-NC-ND 3.0 (faros.hsjdbcn.org).
- **Páxina 39:**
http://upload.wikimedia.org/wikipedia/commons/6/62/POL_Stadion_Narodowy_Warszawa_12.jpg?uselang=é , foto de Tadeusz Rudzki, baixo licenza CC BY-SA 3.0, traballo propio.
- **Contraportada:** <https://es.fotolia.com/id/63041295> , baixo licenza estándar (Fotolia).

